

santiagocapital

**PROGRAMA DE GOBERNO
2019-2023**



Nestas páxinas condénsanse as accións máis importantes que o Partido Popular se compromete a abordar desde o Goberno do Concello de Santiago para o novo mandato 2019-2023.

Fuxindo de divagacións, de teorías e filosofías, tratamos de priorizar as propostas concretas e realistas que estamos dispostos a asumir, centradas nas persoas e partindo da situación actual do Concello.

Neste documento, concibido a modo de contrato coa cidadanía e froito das xuntanzas e conversas con diferentes asociacións e colectivos, quixemos sintetizar as nosas prioridades para afrontar as tarefas de Goberno, cunha dobre finalidade: por unha parte, para que nos sirvan de folla de ruta e lembranza do noso labor ao longo dos vindeiros anos; e, por outra, para que o conxunto da veciñanza coñeza con antelación os nosos propósitos e poidan ir fiscalizando os nosos pasos.

A nosa primeira e principal preocupación será articular unha planificación para a maior parte das áreas, que impida a improvisación e nos permita canto antes actuar e investir de forma racional, coa coordinación e coa eficacia necesaria para incidir alí onde máis se precisa. Será esta unha planificación meditada e con vocación de perdurar, que atenda ás demandas actuais e que proxecte a cidade do futuro, coa mirada posta nas dúas citas de maior importancia que se nos aveciñan: os anos santos de 2021 e de 2027.

Conforme a eses obxectivos, de entre todas as medidas previstas no noso programa, fixemos unha selección inicial e situamos en lugar destacado as 27 cláusulas capital do noso contrato-programa, en referencia ás 27 persoas que integran a candidatura e ao horizonte do Xacobeo 2027, que estamos dispostos a afrontar para asentar e fortalecer o papel de Santiago Capital.

27 CLÁUSULAS CAPITAIS

1. A maior **rebaixa fiscal** da historia de Santiago (páx. 6)
2. Novo **aparcadoiro para o Ensanche** no Campus Sur (páx. 12)
3. Derrubo da Casa da Xuventude e **novo acceso ao parque de Belvís** (páx. 20)
4. **Revisión do Plan Xeral** de Ordenación Municipal (páx. 15)
5. **“Santiago Emprende”**, medidas para desenvolver a economía (páx. 54)
6. **Reordenación da Avda San Caetano**, nova entrada norte (páx. 10)
7. **Revisión do Plan Especial** do Casco Histórico (páx. 16)
8. **Plan para a revitalización do Casco Histórico** (páx. 46)
9. **“Sendas de Compostela”**: 300 km e 10 circuítos rurais e urbanos (páx. 21)
10. **“Cidade Saudable”**: potenciación das zonas verdes para veciñanza e turismo (páx. 61)
11. **“Cidade dos Museos”**: posta en valor da rede museística e da Cidade da Cultura (páx. 41)
12. **“Santiago seguro”**: Medidas para contribuír á protección de persoas e bens, á tranquilidade cidadá e á convivencia (páx. 13)
13. **“Inglés sen cancelas”**, aprendizaxe da “lingua franca global” para sectores estratéxicos da cidade (páx. 52)
14. **“O Rural capital”**: Plan Director e medidas para lograr o equilibrio territorial (páx. 48)
15. **“Santiago, capital dos eventos”**, coa incorporación dun evento anual de primeiro nivel (páx. 37)
16. **Apoio á produción artística e promoción do galego** (páx. 42-43)
17. **“O mantemento, capital”**: medidas para garantir a eficacia nos servizos básicos (páx. 16-17)
18. **Plan para aparcamentos de borde con conexións exprés** co centro (páx. 12)
19. **Tarxeta “Santiago Capital”**, para facilitar o acceso a servizos municipais: transporte, instalacións deportivas, aparcamento, museos, biblioteca... (páx. 8)
20. **“Maiores sen reparos: Acompañando a soidade”**: medidas para a asistencia colaborativa e a posta en valor da experiencia (páx. 29)
21. **Conexión intermodal – aeroporto e recuperación do uso da vella terminal** (páx. 9)
22. **Eixe Praza de Galicia – Intermodal**, un anovado acceso ao Casco Histórico (páx. 17)
23. **“Rexuvenece Santiago”**, impulso da familia e a infancia (páx. 27)
24. **Novo complexo deportivo en Santa Marta e xestión deportiva única con 3 áreas integradas (Sector Sur en Sta Marta; Sector Centro en Sta Isabel e Sector Norte en San Lázaro-Fontiñas)** (páx. 22)
25. **Un transporte público do século XXI**, coa mellora da rede e a inmediata renovación de vehículos (páx. 10)
26. **“Compostela, de igual a igual”**: programa a prol da igualdade, a plena inclusión e a conciliación (páx. 26)
27. **Recuperación ambiental do contorno do CHUS**, en colaboración coa Xunta de Galicia (páx. 12)

ÍNDICE TEMÁTICO

PÁXINA

1. DECÁLOGO DO GOBERNO POPULAR	4
2. UN CONCELLO EFICAZ E RESOLUTIVO	5
3. UN CONCELLO CONECTADO	9
4. UN CONCELLO PARA VIVIR NATURALMENTE	15
5. UN CONCELLO DEPORTIVO E SAUDABLE	22
6. UN CONCELLO SOCIAL, INCLUSIVO E SOLIDARIO	25
7. UN CONCELLO EDUCATIVO	31
8. UN CONCELLO CULTO	36
9. UN CONCELLO HISTÓRICO	45
10. UN CONCELLO QUE VALORA O SEU RURAL	48
11. UN CONCELLO EMPRENDEDOR, COMERCIAL E TURÍSTICO	52
12. UN CONCELLO METROPOLITANO E CAPITAL	63

1. DECÁLOGO DO GOBERNO POPULAR

- ✓ Un bo Goberno é aquel que ofrece **confianza**, aquel ao que se lle pode outorgar un poder de representación coa seguridade de saber que tal poder vai ser exercido **con responsabilidade e en beneficio dos cidadáns**, a fin de acometer reformas meditadas e frutíferas, ben afastadas das ocorrencias e os experimentos.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que conta cun **liderado claro**, presidido por **un alcalde sen hipotecas multipartidistas** e respectado por un equipo que responde a un mesmo criterio.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que, sen renunciar a súa autonomía local, cultiva a **lealdade institucional**, isto é, respecta as competencias doutras administracións territoriais e atopa nelas un resorte para a cooperación e non para a confrontación.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que fai compatible a **aposta polos cambios co respecto ás institucións, ás tradicións e á identidade histórica da cidade**.
- ✓ Un bo Goberno é aquel capaz mellorar a **eficiencia dos gastos, de facer máis con menos**, conscientes de que o financiamento público procede sempre do esforzo da cidadanía.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que procura o **deseño da cidade á maior satisfacción das persoas**, a fin de mellorar a súa calidade de vida, e non á maior satisfacción dos planificadores.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que atende ao **interese xeral** e non ao interese de ningún grupo; é aquel que actúa **conforme a xuízos "ecuánimes e non conforme a prexuízos ideolóxicos**.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que entende que **os termos municipais non son fronteiras senón liñas de soldadura** dun máis amplo espazo de posibilidades.
- ✓ Un bo Goberno é aquel disposto a manter un **diálogo permanente coa sociedade civil**, sabedor de que nela pode atopar as máis lúcidas intelixencias.
- ✓ Un bo Goberno é aquel que se mostra **realista** nas súas previsións, **sincero** nos seus diagnósticos, **decidido** nas súas responsabilidades e **moderado** nas súas expresións.

Santiago de Compostela merece ter un goberno así.

2. UN CONCELLO EFICAZ E RESOLUTIVO

O Concello de Santiago ten que ter unha **Administración do século XXI ao servizo da cidadanía, unha administración que responda e solucione**: cunha xestión dirixida á veciñanza, onde a eficacia e a eficiencia sexan os sinais de identidade.

- Potenciaremos a **sede electrónica municipal**, como portal para realizar os trámites por vía telemática, adaptada ás persoas con discapacidade visual e auditiva.
- Ampliaremos o servizo de **atención ao cidadán, co reforzo da vía telefónica e internet** para resolver as dúbidas sobre información e trámites municipais.
- Realizaremos **avaliacións anuais de satisfacción dos principais servizos públicos**, para coñecer a opinión da veciñanza sobre a calidade dos servizos que presta o Concello e adoptar as medidas correctoras necesarias.
- **Renovaremos a páxina web do Concello** para facela máis versátil, práctica e funcional, como unha ferramenta para unha maior transparencia.
- Continuaremos coa **licitación electrónica** ata a súa implantación total.
- Incorporaremos un **xestor documental integral** que nos permita eliminar papel e axilizar os procedementos administrativos.
- **Optimizaremos a distribución do persoal municipal**, de acordo cos representantes dos traballadores, para adaptalo ás novas necesidades sociais, co que lograremos unha solución eficaz e máis rápida das demandas veciñais.
- **Eliminaremos alugueiros de locais** para reducir custos e optimizar os recursos públicos, unificando as oficinas, evitando a dispersión actual e dedicando inmobles municipais baleiros ás entidades sociais que o necesiten, colaborando así co importante labor que realizan.

Un Concello solvente, con menos impostos

- Acometeremos unha **política selectiva de baixada e reorientación de impostos**, para facelos máis equitativos, convertelos en elementos dinamizadores da economía local e da creación de emprego.

- Promoveremos **a maior rebaixa fiscal da historia de Santiago, con novas ou mellores bonificacións para diferentes impostos**, como o de bens inmobles (-4%), familias numerosas (entre -50% e -90% en determinados supostos e obxectos tributarios), vehículos (-5%), construcións (-10%) ou licenza de apertura (-100%). Tamén haberá reducións significativas nas plusvalías e actividades económicas.
- **Facilitaremos o diálogo cos cidadáns**, abrindo de un a dous días pola tarde a Oficina de Atención ao contribuínte.
- Aumentaremos o formato de **pagamento fraccionado de impostos, ata en 6 prazos**.
- Crearemos e **poñeremos en marcha o “borrador tributario”**, que se enviará a cada contribuínte, no mes de xaneiro de cada ano, para que coñeza con exactitude os seus pagamentos, prazos e contías e poida dese xeito planificarse e reclamar, se así o desexa.
- Ofreceremos unha **tarxeta tributaria** municipal para acceso a todos os servizos do Concello.
- Lanzaremos unha **aplicación para móbiles** que permita realizar xestións tributarias coa Administración local.
- Aplicaremos a **bonificación por domiciliación de recibos**.
- Crearemos a figura do **“Defensor do Contribuínte”**, para que calquera queixa ou suxestión sexa atendida o máis pronto posible.
- Poñeremos en marcha, mediante a colaboración desinteresada de profesionais e diversos sectores, o **“Consello de política fiscal local”**, para decidir anualmente os sectores estratéxicos preferentes en materia fiscal.
- Aprobaremos mediante ordenanza a **“Carta de dereitos do contribuínte”**, onde se establecerán todos os dereitos da cidadanía e as obrigas da Administración.
- Continuaremos coa **loita contra a fraude fiscal**, cada ano.
- Aprobaremos **en tempo e forma o orzamento anual**.

- Elaboraremos os **orxamentos locais cunha óptica de igualdade**, especialmente no ámbito do emprego, a conciliación e a promoción profesional, económica, empresarial e social.
- Manteremos a **senda da estabilidade e control do déficit público**.
- Continuaremos a **amortizar a débeda ata a súa plena redución**.
- Teremos unha atención preferente para **cumprir cos prazos de pagamento de provedores**.
- Aprobaremos un **plan anual de control do gasto e ingreso**.
- Publicaremos **na páxina web todas as resolucións en materia de Facenda**, excepto aquelas de índole tributaria e as que afecten protección dos dereitos dos administrados.
- Poñeremos en marcha a **central de compras**, para abaratar custos nas adquisicións municipais.
- Crearemos o **Servizo de Auditoría e de Control das empresas concesionarias**, para o seu total exame e control, publicando os resultados na páxina web.
- **Potenciaremos o Servizo de Patrimonio**, para levar un exhaustivo control do patrimonio municipal e o seu adecuado uso, así como evitar alugueiros e custos innecesarios, na procura dunha maior rendibilidade.
- Impulsaremos a **facturación electrónica** ata a súa total implementación e tramitación.

O avance da Cidade intelixente

O desenvolvemento da estratexia para unha cidade intelixente **Smart iAGO**, que xa iniciara o Goberno do Partido Popular, será un prioridade, **para incorporar solucións tecnolóxicas que teñan en conta as peculiaridades diferenciais** dunha cidade que é Patrimonio da Humanidade.

- Continuaremos na implantación da **administración electrónica municipal**, para unha maior transparencia, axilizar trámites e reducir burocracia.

- Melloraremos e remataremos de forma progresiva a **iluminación das rúas e prazas**, logrando **menos consumo** (reducción de ata un 74%) e **con menores custos de mantemento**.
- Crearemos a **tarxeta `Santiago Capital'** para unificar nun **único soporte os servizos municipais aos que cada cidadán ten dereito**, incorporando paulatinamente a oferta municipal en materia de transporte público, instalacións deportivas, aparcamentos públicos, museos, biblioteca, abonos culturais...
- Poñeremos en marcha un **Plan para a reutilización dos lugares das vellas cabinas telefónicas públicas en desuso**, para aproveitar a súa infraestrutura como puntos de oferta de servizos multimedia gratuítos: rede wifi, cargadores rápidos de móbiles, pantallas de alta definición para difusión de actos culturais, deportivos ou de servizos públicos...
- Fomentaremos a **participación activa da cidadanía na xestión diaria municipal**, mediante unha atención puntual ás aplicacións que canalicen as demandas da cidadanía, para lograr a maior axilidade e a maior eficacia dos recursos municipais.
- Abriremos **novas vías de contratación, promovendo a compra de produtos innovadores á demanda**, que fomenten o crecemento, a capacidade investigadora e a internacionalización das entidades locais.
- Introduciremos as **novas tecnoloxías para optimizar os servizos**, en áreas como os residuos, a xestión da auga ou as comunicacións, en especial no ámbito da Cidade Histórica.
- Faremos de **Santiago a cidade referente da innovación e da aplicación da xestión intelixente entre as Cidades Patrimonio de España e de Europa**.

3. UN CONCELLO CONECTADO

O remate das grandes conexións

O Concello de Santiago ten que completar as súas grandes infraestruturas viarias, co impulso e remate de varios proxectos a través dunha acción de consenso no seo da Corporación Municipal e coordinada co resto das administracións:

- A **nova estación intermodal**, co remate do seu proxecto completo, invalidando a cláusula condicionante de ter que acadar os 3,5 millóns de pasaxeiros.
- O **enlace orbital** para unir directamente a autoestrada coa autovía de Lavacolla, coa N-550 e cos polígonos do Tambre e da Sionlla;
- Redacción dun estudo de viabilidade para a **conexión ferroviaria da nova estación intermodal co aeroporto de Lavacolla, contemplando a posibilidade da conversión da vella terminal en estación término**, punto de encontro (“meeting point”) para visitantes, enclave para a distribución de mercadorías e escaparate do acervo cultural de Santiago e de Galicia.
- A **optimización do novo acceso da autoestrada coa Cidade da Cultura**, coa mellora do viario urbano de enlace, para que lle dea un servizo efectivo ás zonas deportiva, aos barrios de Sar e de Fontiñas e aproveite toda a súa potencialidade como entrada e saída da cidade.
- A **nova conexión desde a autovía A-54, por San Marcos e o Monte do Gozo ata San Lázaro**.
- Solicitaremos do Ministerio de Fomento a **conexión dos trazados das vellas estradas N-547 e N-634 en paralelo coa nova autovía A-54 en Lavacolla**, incluíndo a adecuación da zona coincidente co Camiño Francés, para o que xa temos elaborado un proxecto básico.
- Iniciaremos a redacción proxecto **ampliación plataforma da rúa do Castro para facilitar o enlace da estrada N-634 coa A-54** á altura de San Marcos.
- A execución da **humanización da rotonda de Conxo sobre a SC-20** comprometida e continuamente adiada, que se completará cunha mellora das vías secundarias máis próximas.

A mobilidade dentro da cidade

Apostaremos pola implantación dunha **mobilitade racional e sustentable**, co predominio do transporte público e dos modos alternativos ao vehículo privado, sen ignorar a realidade da mobilidade actual e maioritaria da poboación.

- Acometeremos un gran proxecto de **reordenación da Avenida de San Caetano**, para transformar a entrada norte da cidade e adaptar as prazas de España e da Paz ante a ampliación das instalacións da Xunta de Galicia.

Transporte público

- Melloraremos este servizo fundamental para adaptalo ás necesidades e retos do século XXI, coa optimización da rede, das frecuencias e das vías informativas (aplicación móbil, postes informativos en tempo real..) coa **urxente adjudicación do contrato e a inmediata renovación do conxunto da frota de autobuses**, conforme a criterios de accesibilidade.
- Avogaremos pola **conxelación das tarifas**, complementada coa **ampliación do perfil das persoas beneficiarias do bonobús**, incluíndo a gratuidade para os menores de 19 anos, para as persoas desempregadas e para as familias numerosas, así como a prioridade de acceso no transporte público ás persoas con discapacidade.
- Prestaremos especial atención ao **transporte ao aeroporto**, para adaptar as frecuencias ás necesidades reais de conexión cos tráfico aéreo e á **ampliación do transporte público para o rural**. Nas zonas de escasa demanda estudaremos a alternativa dun **transporte á carta** para aquelas persoas que non poidan facer uso dun medio de transporte alternativo.
- Aproveitaremos o **transporte escolar para ofrecer novas posibilidades** de mobilidade en autobús, alí onde non cheguen as liñas do transporte urbano.
- Solicitarémoslle á Xunta de Galicia que siga coa **mellora do transporte metropolitano**, conscientes de que os residentes noutros municipios tamén fan cidade.

- Impulsaremos a implantación de **carrís preferentes en determinados corredores para o tránsito do transporte público**, como unha forma de mellorar o servizo e potenciar o seu uso.
- Traballaremos pola **mellora do acceso ao bonotaxi e ampliación de vehículos para o servizo a persoas con mobilidade reducida**, ás que teremos en conta nas novas actuacións urbanísticas e na supresión das barreiras existentes.
- Procederemos de inmediato a unha **completa renovación de marquesiñas**.

A mobilidade alternativa

A mobilidade non motorizada deberá ir gañando cotas na acción municipal, co fomento dos desprazamentos a pé ou en bicicleta.

- Iniciaremos a execución dunha **ampla rede de vías peonís e ciclistas no ámbito urbano, metropolitano e rural** de Santiago, en coordinación coas actuacións doutras administracións, acometendo un novo tramo que conecte o Campus Universitario Norte co Campus Universitario Sur e este coa Cidade da Cultura.
- Avanzaremos na **peonalización da cidade, con novas actuacións** para a limitación e a ordenación do tránsito de vehículos. Unha das actuacións que se analizaría en primeiro lugar sería a da zona da Facultade de Xeografía e Historia, deixando garantido os servizos á Praza de Abastos e aos centros educativos da zona.

Aparcadoiros públicos

A decidida aposta por outros modos de mobilidade non pode excluír a necesidade de ofrecer alternativas de estacionamento para os vehículos particulares.

- Incorporación de **ferramentas innovadoras para facilitar o estacionamento en superficie nas prazas de aparcamento públicas**, para ofertar as prazas que, ao longo do día, quedan baleiras a aquelas persoas que as buscan, tendo en conta grupos de usuarios preferentes.

- Construción dun **aparcadoiro público subterráneo no Campus Sur (Avenida da Coruña)**, como alternativa de tarifas módicas para os residentes e usuarios dos negocios ou servizos do Ensanche.
- **Ampliación do aparcadoiro público de Belvís**, mantendo as súas tarifas reducidas.
- **Mellora integral do aparcamento da darsena da Avda Xoán XXIII** de cara ao Xacobeo 2021.
- **Emprego de terreos municipais**, próximos a zonas de alta demanda, que actualmente non teñen outra función, para zonas de aparcamento, como o existente nas proximidades da Ludoteca de Fontiñas, para dar servizo prioritario aos Xulgados e ás instalacións educativas e deportivas próximas.
- Inicio de negociacións coa Xunta de Galicia para a **mellora ambiental no contorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)**, centrada principalmente na mellora das beirarrúas e da accesibilidade, ordenación do **aparcamento e seguridade viaria**.
- Dentro dunha estratexia para a optimización das bolsas de aparcamento existentes, públicas e privadas, **negociaremos para abaratar as tarifas nas instalacións privadas**.
- Desenvolveremos un **Plan de aparcamentos de borde**, para completar a oferta de alternativas para deixar os vehículos e acceder desde eles ao centro, e fomentaremos a súa utilización co **impulso do transporte público con conexións exprés co centro urbano, garantindo a rotación** dos vehículos para a súa maior efectividade. Unha medida que iniciaremos de forma inmediata polo de Pontepedriña, incluíndo o ordenamento da súa contorna.

A conxestión do tráfico

- Como complemento do transporte metropolitano, propoñerémolle á Administración autonómica a execución dun **plan de aparcadoiros disuasorios en orixe, nos concellos da área de Santiago**.
- Potenciaremos a **Policía Local con novos vehículos e medios tecnolóxicos** (como cámaras, espiras ou paneis) para anticipar e dar resposta aos incrementos de fluxos circulatorios.

- Instalaranse **pasos de peóns intelixentes para reforzar a seguridade peonil** naquelas zonas nas que se constata un maior perigo.
- Poñeremos e marcha un **Plan de Mobilidade** para axustar a planificación ás necesidades reais.
- Adoptaremos medidas para a **mellora da información por incidencias de tráfico polas obras**, co apoio das novas tecnoloxías e optimizando os paneis luminosos xa instalados en distintos puntos da cidade.

A convivencia e a seguridade no espazo público

- Poñeremos en marcha un conxunto de medidas para conseguir un **“Santiago seguro”, para contribuír á protección de persoas e bens, á tranquilidade cidadá e á convivencia..**
- Garantiremos a **limitación e control do uso da vía pública para o consumo de bebidas**, evitando o rebrote do “botellón”.
- Afrontaremos unha **inmediata renovación de efectivos na Policía Local** con novas incorporacións e promoveremos o **incremento da Policía Nacional** na cidade, de cara ao Xacobeo 2021.
- Desenvolveremos un **sistema de videovixilancia para a protección do patrimonio público e a seguridade cidadá**, coas debidas garantías en relación co dereito á intimidade, en colaboración con outras institucións e cunha atención especial ao contorno da **Catedral** e da Igrexa de Santa Susana na **Alameda**.
- Faremos da **coordinación entre as Forzas e Corpos de Seguridade**, un elemento clave para que Santiago siga ofrecendo unhas boas cifras en materia de seguridade cidadá.
- Impulsaremos o **parque de bombeiros**, coa renovación dos seus vehículos e a incorporación de novo persoal, mentres non se acade a comarcalización deste servizo que imos apoiar de forma decidida.

- Recuperaremos de forma urxente a estrutura existente na explanada de Salgueiriños, para albergar o **novo parque de bombeiros**, construíndo un edificio funcional e **coa posibilidade de ampliar a súa capacidade para albergar un servizo de alcance comarcal**.
- Seguiremos dotando de **novos medios á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil**, conforme ao seu impagable papel para minimizar os riscos nos grandes eventos ou nas situacións de adversidade climatolóxica.

4. UN CONCELLO PARA VIVIR NATURALMENTE

As tres realidades de Santiago (núcleo histórico, casco urbano consolidado e extenso rural) deben atopar solucións axeitadas e adaptadas ás particularidades de cada unha delas, co obxectivo común de satisfacer a demanda veciñal e mellorar a calidade de vida e o benestar xeral.

O horizonte é facer da cidade un contorno sostible, tratando de xeito integral cuestións como a mobilidade, a distribución dos usos espaciais, o aproveitamento dos espazos verdes, a rede viaria, a prestación de servizos básicos, a rexeneración dos recursos enerxéticos e a cohesión social.

A planificación urbanística

Os obxectivos básicos da actividade municipal irán dirixidos a difundir o contido e as determinacións da planificación urbanística, vixiar o seu cumprimento e, sobre todo, facilitar a tramitación por parte da cidadanía dos documentos que con esa actividade se relacionan.

- Desenvolveremos unha **ordenanza para regular a Inspección Técnica de Edificios** e procederemos á revisión das ordenanzas de actividades e servizos, instalación de telefonía, terrazas e ruídos.
- Propondremos a subscripción dun **gran pacto polo territorio e a favor do urbanismo**, para iniciar **revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) vixente desde 2008**. O obxectivo de lograr un Plan máis áxil e flexible, sobre todo no ámbito rural, sen renunciar aos estritos controis e a unha necesaria protección.
- Abordaremos a **modificación das ordenanzas urbanísticas 5, 6 e 11 –relativas aos solos urbanos consolidados– para equiparalos nas súas condicións urbanísticas cos solos de núcleo rural**, solucionando así a grave problemática que afecta a estes terreos, sen que iso supoña un aumento da capacidade residencial.

- Afrontaremos a **ordenación e a definición de usos da parcela do vello Colexio Peleteiro, como unha oportunidade para potenciar o Ensanche**, conforme a criterios de interese xeral, de compatibilidade co tecido comercial tradicional e de rendibilidade social da solución adoptada co máximo consenso posible.
- Remataremos dunha vez, e de forma consensuada, a **revisión do Plan Especial do Casco Histórico**, que será un revulsivo para manter e potenciar a poboación e unha **guía para importantes investimentos a desenvolver nese ámbito**: soterramento de redes eléctricas e de telecomunicacións, implantación de wifi e banda larga, redes de gas, xestión de residuos, saneamento e abastecemento.

A mellora dos servizos públicos básicos

- Para os próximos catro anos imos crear un **novo servizo de auditoría e control de concesións públicas**, dedicado á xestión, supervisión e inspección do funcionamento dos servizos públicos básicos: recollida de lixo, limpeza viaria, abastecemento e saneamento, e iluminación pública.
- **Introduciremos modificacións nos pregos da concesión de abastecemento e saneamento** que remata en 2019 e licitaremos o servizo, cunhas condicións que permitan a súa adecuación ás novas necesidades, na procura dun maior beneficio para o Concello e unha maior capacidade de control que ata o de agora.
- Prestaremos especial atención para que o novo prego para a contratación do **servizo de recollida e tratamento do lixo** – prorrogado nos últimos catro anos- se inclúa unha **estrutura que atenda a tres áreas diferenciadas: o núcleo histórico, a área urbana e a área rural**, adaptándose ás necesidades de cada unha desas áreas.
- Revisaremos todas as **illas para a instalación dos colectores de lixo soterrados**, para garantir que cumpran a súa función axeitadamente.
- Fomentaremos o uso da **compostaxe nos fogares**, destinando persoal municipal para poder tramitar a aplicación de **bonificacións por facer uso deste sistema** para o tratamento dos residuos.

- Planificaremos a continuidade da **renovación do servizo de iluminación pública** que pivotará sobre dous eixes: a seguridade e a eficacia, co obxectivo de que ao longo dos vindeiros catro anos teñamos renovadas as infraestruturas e funcionando os servizos de mantemento destas novas instalacións.

Mellores rúas e máis humanizadas

É **un clamor da cidadanía** que Santiago precisa mellorar e potenciar os servizos de conservación e mantemento, para iso incrementaremos ano a ano as partidas orzamentarias co obxectivo de dispoñer así dos recursos necesarios para preservar as infraestruturas da cidade.

- A nosa **prioridade será ampliar e mellorar os servizos de mantemento** de pavimentos e beirarrúas, a roza e limpeza de beiravías.
- Potenciaremos os **servizos en liña para denunciar deficiencias** na rede viaria, destinado a atender pequenas actuacións en calzadas e beirarrúas que **se solucionarán nun prazo máximo de 72 horas**.
- Executaremos unha mellora urbanística e ambiental do Eixe Praza de Galicia–Intermodal, coa que se renovarán os servizos e se conformará un **anovado e humanizado acceso ao Casco Histórico**.
- **Continuaremos coa reforma progresiva de rúas**, coa axilización das pendentes de remate e coa incorporación de novas actuacións no Romaño, Vite, Concheiros, rúa do Valiño (urbanización pendente) e Fontiñas (muros de contención), entre outros ámbitos.
- Outra das accións importantes no termo municipal será a de **eliminación de barreiras arquitectónicas**, para o que seguiremos colaborando con diferentes asociacións e entidades co obxecto de eliminar os obstáculos que limitan a mobilidade.

Infraestruturas para a mellora ambiental

Acadada desde hai anos a práctica totalidade do saneamento da conca fluvial do río Sar, o gran reto é mellorar a capacidade total de depuración, estendendo o servizo a aquelas zonas máis afastadas que aínda non dispoñen del.

- Avanzaremos con decisión e sen demoras na dotación dunha **nova estación depuradora de augas residuais**, tendo en conta os pasos dados e o interese xeral para contar canto antes coa infraestrutura e obter as mellores condicións para o seu financiamento. Con ese fin, buscaremos o consenso nos tres primeiros meses do mandato.
- Remataremos, en colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño Sil e tal e como se fixo no Sar, as **obras de saneamento do Sarela**, coa entrada en funcionamento da rede de colectores.
- Executaremos un conxunto de **accións para evitar os riscos de inundacións e os asolagamentos** que se producen en distintos puntos da cidade.
- Acometeremos a progresiva **renovación da rede de abastecemento naquelas zonas onde estea obsoleta**, comezando pola rúa do Hórreo.
- Afrontaremos unha **planificación específica** para renovar a rede de abastecemento e saneamento **no ámbito da Cidade Histórica**.

Vivenda pública e rehabilitación

Desde o Concello de Santiago, na medida das competencias locais, seguiremos mantendo unha acción decidida para contribuír a mellorar as condicións da cidadanía en materia de vivenda.

- Colaboraremos coa Administración do Estado e coa Xunta de Galicia para **rendibilizar as posibilidades que ofrecen os actuais Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 e o Plan galego para 2015-2020**, así como os posteriores.
- Articularemos **medidas para paliar as necesidades de vivenda pública**, a través de convenios e figuras de colaboracións públicas e privadas, co obxectivo irrenunciábel do interese xeral.

- **Remataremos os traballos pendentes da rehabilitación en Vista Alegre**, iniciada por un Goberno do Partido Popular, no marco da Área de rehabilitación Integral (ARI).
- Destinaremos **novos recursos do Concello para a ARI de Pontepedriña**, onde a rehabilitación, accesibilidade, aforro enerxético e implantación de ascensores, tan demandada polos veciños, serán actuacións consideradas prioritarias.
- **Desenvolveremos os traballos da nova ARI no ámbito de Vite**, garantindo os recursos necesarios para a completa modernización deste antigo ámbito de vivenda protexida, sempre guiados pola busca do maior consenso e implicación da veciñanza.
- Redactaremos **plans de impulso e mellora de barrios con acusados índices de degradación ambiental e urbanística**, como no caso de Guadalupe, San Lourenzo e o Carme de Abaixo, con atención tamén á recuperación de elementos da arquitectura tradicional, como fontes e muíños, que se atopan nestes ámbitos.
- Recuperaremos a importancia da **Oficina municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCIHR)** para prestar apoio na tramitación das axudas e **habilitaremos unha unidade específica para atender as necesidades de cada unha das Áreas de Rehabilitación Integral (ARI)** declaradas na cidade.
- Afrontaremos a **resolución de vellos problemas en relación coas limitacións das normativas**, en particular no relativo á instalación de ascensores en diversos grupos de vivendas da cidade, coa axilización dos trámites dando resposta a unha actuación moi demandada pola veciñanza.
- Promoveremos **novas vivendas públicas** na zona de Lamas de Abade e colaboraremos de forma activa no fomento e dinamización do alugueiro na cidade.

Equipamentos urbanos

- Planificaremos a **construción de novas pistas deportivas**, conforme ás demandas e ás necesidades de dotación de espazos recreativos aos novos barrios e aos lugares do rural.
- Para permitir o **uso de zonas de xogo infantil** os días de choiva, estudaremos a **posibilidade de cubrir algunha das máis empregadas**.

- **No ámbito de Conxo, realizaremos un Plan Director da finca do Hospital Psiquiátrico** para avaliar as súas posibilidades de uso e convertelo nun novo referente da atención sanitaria. Este ámbito, ademais de continuar atendendo a persoas con enfermidades mentais, destinarase tamén a centro de día e de terapia ocupacional, así como centro de saúde, entre outras posibilidades. O Plan atenderá tamén á recuperación do patrimonio edificado, a potenciación dos usos deportivos e ambientais, e a mellora da mobilidade e da accesibilidade deste importante enclave.
- Na liña de lograr a mellora na atención sanitaria, pecharemos coa Xunta de Galicia a construción do **novo Centro de Saúde en Conxo e a mellora da súa accesibilidade**, para garantir un axeitado nivel de servizo.
- Promoveremos un **proxecto para a ampliación e mellora do cemiterio municipal de Boisaca e os seus accesos**, que conta coa mesma superficie desde hai preto de un século e actualmente ten case esgotada a súa capacidade.
- Desde o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC) e o Refuxio de Animais realizaremos **campañas de sensibilización para potenciar a adopción ou o apadriñamento de animais** e prestaremos especial atención ao control das colonias de animais en liberdade.

Parques e Xardíns

- Desenvolveremos o **Plan Director de Parques e Xardíns**, iniciado en 2014, para unha mellor xestión e coidado das zonas verdes do concello.
- Prestarémolle unha **atención continuada ao Parque da Alameda e ao contorno da igrexa de Santa Susana, coa posta en marcha dun Plan Director específico** para este símbolo da nosa cidade e lugar de lecer e deporte da veciñanza e visitantes.
- **Derrubaremos no primeiro ano a Casa da Xuventude para abrir o parque de Belvís á cidade**, mellorando a integración desta gran superficie verde coa cidade histórica a través dunha praza remodelada e humanizada.

- **Potenciaremos o Centro de Interpretación Ambiental (CIAM)**, para poñer en valor toda a riqueza verde que atesoura Compostela, tanto para os cidadáns como para os visitantes.
- Impulsaremos o **proxecto para unir o Xardín Botánico da USC co xardín da Finca do Espiño**.
- Para solucionar a situación de abandono dos últimos catro anos, abordaremos a **regularización e reutilización dos quioscos municipais pechados na Alameda, Xoán XXIII, Praza de Vigo e na zona de Sar**, habilitando os aseos públicos adaptados de que dispoñen.
- Melloraremos as **áreas recreativas fluviais de Chaián e A Barciela**, actuando nos accesos, sinalización, equipamento e difusión como zonas de baño e lecer.
- Iniciaremos un **plan de mellora do Monte Pedroso e da Selva Negra**, atalaia e pulmón do concello, para completar a senda peonil desde Galeras á Granxa do Xesto, acondicionar o camiño principal da Selva Negra, recuperar e sinalizar o Vía Crucis desde Santta Isabel ata o cume e a apertura da cafetería da Granxa do Xesto.
- Esixiremos que as **fincas que permanezan sen uso estean en boas condicións**, libres de maleza, de acordo coa ordenanza.
- Posta en valor da riqueza ambiental do **trazado dos ríos Sar e Sarela, para conformar un gran cinto verde** que incluírá a limpeza dos leitos fluviais, o mantemento e construción de rutas para o deporte e o lecer, a recuperación de elementos patrimoniais e a sinalización dos seus principais atractivos.
- **Ampliaremos as vías peonís e ciclistas do Concello a través do proxecto “Sendas de Compostela”**, para conformar un itinerario apto para andar a pé e en bicicleta de 300 km, repartidos en 10 circuítos polos ámbitos rural e urbano, que permitan non só realizar exercicio saudable, senón tamén coñecer cursos de auga, lugares de interese botánico e outros valores patrimoniais. O proxecto completarse con instalacións adicionais, sinalización específica e información a través da web municipal e do propio teléfono móbil.

5. UN CONCELLO DEPORTIVO E SAUDABLE

O deporte é saúde. Tamén crea sinerxías sociais e promove os comportamentos solidarios. O Concello debe fomentar a consecución destes obxectivos, desde a promoción e o apoio das actividades deportivas, prioritariamente o **deporte de base e sen esquecer o deporte de competición**, que achega tamén un elemento dinamizador da economía local.

- Incrementaremos a partida para **mellora das instalacións deportivas municipais**, para darlle resposta ás demandas pendentes dos últimos anos.
- Crearemos **unha Cidade Deportiva**, con tres sectores integrados: **Sector Sur en Santa Marta** (de nova creación); **Sector Centro en Santa Isabel** (adequación) e **Sector Norte en San Lázaro-Fontiñas** (adequación), que xestionaremos de forma única a través dunha estrutura específica.
- **En Santa Marta desenvolveremos unha completa instalación deportiva**, que incluírá pista multiusos e piscina climatizada, para cubrir a crecente demanda na zona.
- Instauraremos un **equipo específico de captación de eventos nacionais e internacionais** (deportivos e tamén culturais), dependente directamente da Alcaldía e coa participación de entidades locais vinculadas, para incrementar o poder de atracción da cidade con criterios de desestacionalización.
- Acondicionaremos e homologaremos a **pista de atletismo de San Lázaro** para que nela se poidan celebrar probas de elite.
- **Regularremos a cesión e uso de instalacións en San Lázaro** a entidades deportivas co obxectivo de optimizar o espazo e adecuar os usos aos diferentes clubs, así como a forma e condicións en que se fan as cesións. Tamén tratarase de dar cabida a deportes minoritarios que non contan con tantos recursos como os máis populares.
- Manteremos o noso **compromiso co deporte federado**, que aglutina a miles de persoas e diversas disciplinas deportivas, valorando a posibilidade de incrementar as axudas destinadas a este colectivo.

- A atención primordial irá dirixida ao deporte de base, pero haberá tamén unha **especial consideración, con compromisos claros e concretos, cos equipos de élite, como o Obradoiro de baloncesto**, para o que temos comprometida unha achega do 3% do gasto capital do Concello, a cambio da súa implicación coa promoción da cidade nos seus encontros e desprazamentos.
- Poñeremos en marcha unha **proposta para achegar a veciñanza do Concello aos deportes de mar**, facilitando a aprendizaxe de especialidades como o surf ou a vela.
- Realizaremos **campañas de concienciación para o fomento do deporte** en todos os niveis.
- Implantaremos un **sistema de cesión de instalacións deportivas, claro, transparente e con criterios obxectivos** para as persoas, entidades e clubs do concello.
- Seguiremos apostando por accións como as **carreiras saudables “CorreSan”**, como eixe principal de actuación para os amantes do *running* incrementando o número, variedade e estilos das probas. Haberá, como mínimo 5 probas anuais, 4 delas fixas e 1 rotatoria por cada unha das parroquias.
- Propoñémonos a **creación dun circuío de *running***, que facilite adestramentos e competicións, nun marco cómodo e seguro para a práctica deportiva.
- **Repararemos a Alameda, como lugar axeitado para compatibilizar o lecer e o paseo, coa actividade atlética.**
- Incluiremos **novas actuacións na axenda do deporte de Santiago** en diferentes disciplinas, na procura dun **deporte popular e accesible** para todas as persoas.
- Co obxectivo de achegar o deporte a toda a cidadanía, **colaboraremos coas entidades e colectivos sociais para fomentar o deporte adaptado.**
- **Toda a actividade** que xera o deporte en Compostela, así como a información deportiva municipal, verase reforzada **en internet e nas redes sociais, a través dunha axenda única.**

- Para incidir na mellora de hábitos saudables, desde o Concello poñeremos en marcha unha **campaña participativa de prevención e promoción da saúde por barrios e parroquias**, dirixida principalmente a axudar na formación sobre os riscos do tabaquismo e os excesos do alcohol, así como das situacións de estrés, con informacións de interese sobre alimentación saudable, perda de peso corporal, lectura crítica de etiquetas dos produtos alimenticios e a adopción dun estilo de vida saudable, cunha especial atención á práctica do exercicio físico no contorno máis inmediato e en función de necesidades de cada persoa,
- Como complemento das accións de formación e información sobre hábitos saudables, crearase unha **Tarxeta Saudable persoal** na que se rexistrarán –co consentimento a as garantías adecuadas- datos de interese como o control de peso, evolución do perímetro abdominal e niveis de glucemia, entre outros, o que favorecería o seguimento e a adherencia a esta campaña.
- Agruparemos distintas accións nunha estratexia de promoción denominada “**Cidade Saudable**”, dirixida a poñer en valor para un turismo de saúde a riqueza ambiental do Concello (ver páxina 63)

6. UN CONCELLO SOCIAL, INCLUSIVO E A SOLIDARIO

Partindo do concepto de **pluralismo do benestar** daremos maior protagonismo ás entidades do terceiro sector que son as mellores coñecedores das problemáticas específicas e con máis experiencia para abordalas.

- Haberá unha **atención preferente ás persoas con discapacidade** con máis necesidades de apoio para a súa autonomía persoal nos programas de acción e asistencia sociais.
- **Eliminaremos a lista de agarda en benestar social**, recuperando o **servizo de primeira atención** e creando un **servizo de consulta telefónica e telemática**.
- Achegaremos os **servizos sociais aos barrios e ao rural**.
- Deseñaremos un **Plan de Accesibilidade Municipal** (conforme ás demandas da ACEM e COGAMI)
- Revisaremos as **prazas de aparcamento para persoas con discapacidade para garantir a súa plena adaptación á normativa vixente** e incrementaremos o **control das tarxetas de estacionamento** para persoas con mobilidade reducida para evitar a súa utilización indebida.
- Crearemos un **banco municipal de ortopedia e axudas técnicas**.
- **Adaptaremos a Renda Básica Municipal ás verdadeiras necesidades**, vinculada cun itinerario de inserción para non perpetuar a subsidiación e acompañar ás persoas en risco de exclusión na recuperación da súa autonomía.
- Impulsaremos a creación dun procedemento de **tramitación express** para que as **axudas de emerxencia** cheguen á persoa que o precisa no menor tempo posible.
- Habilitaremos unha fórmula de prepago para o **servizo de bonotaxi para as persoas con discapacidade** que teñan recoñecida mobilidade reducida e/ou dificultade para o uso do autobús.
- **Fomentaremos a ampliación e mellora do servizo de eurotaxis** para axustalo ás necesidades das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

- Deseñaremos e executaremos **programas de educación de rúa e prevención do absentismo escolar**.
- Poremos en marcha medidas para **facilitar a integración das persoas sen teito** da nosa cidade.
- En colaboración co departamento de emprego poremos en marcha **itinerarios formativos teórico-prácticos** de longa duración **para favorecer a inserción laboral** en sectores profesionais con alta demanda de emprego.
- Cooperaremos de forma activa na **defensa dos dereitos humanos e na promoción dun mundo máis xusto, igualitario e sostible**, a través da medidas concretas como a de destinar un **0,4% do orzamento municipal para colaborar a ese fin** coa Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.

Igualdade

- Para avanzar na igualdade, na plena inclusión e a conciliación deseñaremos **un conxunto de accións agrupadas baixo a denominación “Compostela de igual a igual”**.
- Faremos do **Centro de Información á Muller (CIM) un servizo especializado**, dotándoo do persoal técnico e as funcións que lle correspondan, segundo a normativa aplicable, de xeito real e efectivo, contemplando para iso o seu traslado á `Casa Xohana Torres'.
- **Integraremos o departamento de Igualdade na Alcaldía** da que dependerá directamente no organigrama municipal. Esta integración supón a garantía de **incorporar o principio de igualdade de xénero en todas as fases da intervención municipal e en todas as políticas** derivadas da acción de goberno.
- **O departamento de Igualdade liderará a coordinación entre as distintas áreas de goberno** para garantir a implementación das políticas de igualdade. Con ese fin, crearase unha **mesa interdepartamental de xénero** coa presenza de todas as Concellarías do Goberno para a incorporación da igualdade de xénero nos seus ámbitos competenciais.

- Poñerase en marcha un **equipo interdisciplinar de profesionais para o desenvolvemento de programas de prevención de desigualdades e violencia de xénero en todos os niveis educativos** de primaria e secundaria en coordinación cos Centros de ensino da cidade.
- A **corresponsabilidade, a conciliación e a racionalización de horarios** serán un eixo transversal das accións do Goberno.
- Impulsaremos a volta á colaboración institucional para **facilitar o acceso a todos os recursos de atención ás vítimas de violencia de xénero**.
- Elaboraremos un novo **Plan de Igualdade para o período 2021-2025**.
- **Estableceremos programas de formación específicos para mulleres** con dificultades para o **acceso ao mundo laboral**.
- Articularemos **medidas a favor da plena inclusión das mulleres con discapacidade**, contando coas achegas das entidades da discapacidade.
- Crearemos un **servizo de apoio e mediación LGTBI**, tomando como base o informe do Valedor do Pobo que inclúe a situación do colectivo e as asociacións a el vinculadas.

Familia

- Crearemos a **Concellería de Familia** para que centralice as políticas de conciliación, infancia e maiores. A familia será un dos eixos fundamentais da acción de Goberno para o mandato.
- Instauraremos o **Progama 'Rexuvenece Santiago'**: Santiago será a única cidade de Galicia que conte cunha axuda por nacemento, entre outras medidas de fomento da natalidade e de retorno de santiagueses de nacemento que residen noutros concellos.
- **Reduciremos o precio da matrícula nas escolas infantís municipais** para o segundo e o terceiro fillo.

- Promoveremos **bonificacións no recibo da auga para as familias numerosas**.
- **Ampliaremos as bolsas** de comedor, a material escolar e actividades extraescolares.
- Incluiremos nas concesións das **cafeterías de propiedade municipal a obrigatoriedade de contar con espazos e actividades dirixidas á infancia**.
- Crearemos un **servizo de canguraxe** que facilite a conciliación en situación imprevistas ou extraordinarias que poidan alterar a vida diaria das familias, como por exemplo a enfermidade dunha crianza, a atención a unha persoa con discapacidade ou dunha persoa maior.
- Impulsaremos a figura do **coordinador parental** nos casos de ruptura de parella para favorecer a custodia compartida.
- Favoreceremos a **creación e mellora de espazos e servizos de ocio infantil** na cidade, así como de programación específica.
- No contrato municipal de **comedores e madrugadores** incluíremos un **servizo de conciliación para as tardes**.
- Adoptaremos **medidas no sector do transporte público** (taxis e autobuses) que faciliten o seu **uso por parte das familias con nenos e nenas**.
- Ampliaremos a **gratuidade do transporte de autobús municipal aos menores** de idade.
- **Dinamizaremos os parques biosaudables** do noso concello coa organización de actividades.
- Poremos en marcha un **programa socioeducativo** destinado á infancia e adolescencia para a **prevención de condutas violentas, aditivas** (incluíndo as novas tecnoloxías) así como de **acoso escolar**.
- Solicitaremos a incorporación de Santiago no **programa PlanetYouth** co fin de favorecer o **descenso do consumo de alcohol, tabaco e cannabis** entre os adolescentes.
- Impulsaremos as **actividades de ocio saudable** para a mocidade e retomaremos o traballo para que Santiago volva a ser a primeira cidade de España libre de “botellón”.

- Crearemos un **programa de voluntariado** en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Axencia de Turismo de Galicia **de cara ao Xacobeo 2021**.
- Promoveremos un **programa de intercambio cultural e de idiomas** para a mocidade coas cidades irmanadas co noso concello.

As persoas maiores

- Elaboraremos un **censo municipal de persoas maiores que vivan soas ou con necesidades de dependencia** para adaptar as medidas e axudas municipais á realidade social.
- **Dotaremos á cidade dun centro interxeneracional** que facilite o encontro das persoas maiores e que inclúa un servizo de ludoteca para os máis pequenos, así como actividades dirixidas a poboación infantil e maior.
- **Ampliaremos o servizo de axuda no fogar e teleasistencia** a aquela persoas maiores que o precisen sen necesidade de que teñan recoñecida a dependencia.
- Crearemos unha **liña de axudas para a renovación de electrodomésticos** que supoñan un risco na vida diaria das persoas maiores.
- Poñeremos en marcha un **servizo de lavandería para maiores e para as persoas en risco de exclusión**.
- Solicitaremos da Xunta de Galicia a inclusión do concello de Santiago no **programa `Xantar na casa`**.
- Consolidaremos unha **política de envellecemento activo e saudable**, que promova a autonomía persoal e a prevención da dependencia, con programas que promovan a saúde física e mental.
- Crearemos o programa **“Maiores sen reparos: Acompañar a soidade”**, para fomentar a **integración e a plena participación** das persoas maiores na vida social, coa promoción da **asistencia colaborativa**, as relacións sociais interxeracionais e o apoio ao asociacionismo de maiores, baixo o criterio da **posta en valor da experiencia**.

- Manteremos e **melloraremos a rede de equipamentos sociais para persoas maiores** e impulsaremos arredor deles o deporte e os hábitos de vida saudables.
- Promoveremos **servizos que lle faciliten ás persoas maiores vivir no seu propio fogar e no contorno social e familiar**, con axudas para a rehabilitación adaptada das vivendas.
- Fomentaremos o **`cohousing'**, destinando **pisos baleiros propiedade do concello de Santiago para persoas maiores** que vivan soas.
- Incentivaremos a **plena accesibilidade das persoas maiores ao uso das novas tecnoloxías e das redes de comunicación social**, con especial atención a programas e medidas destinados á **teleasistencia e a telemonitorización** de persoas maiores.

7. UN CONCELLO EDUCATIVO

O Cidade de Santiago, coa súa Universidade centenaria, é un referente a nivel internacional para a educación, algo que o Concello debe seguir potenciando e conservando.

A pesar das escasas competencias locais nesta materia, circunscritas en liñas xerais a un papel de vixilancia e cooperación para o normal desenvolvemento das tarefas propias da administración educativa en infantil, primaria e especial, o Partido Popular propón ir máis alá das limitacións normativas para converterse nun colaborador activo coa comunidade educativa, na procura de acadar a excelencia nesta materia no termo municipal.

As actuacións prioritarias irán dirixidas preferentemente a catro ámbitos:

1. O espazo educativo:

- Traballaremos para ofrecer **equipamentos confortables, accesibles e integradores**.
- **Adaptaremos o orzamento de conservación** para poder facer fronte con dilixencia ás incidencias habituais do servizo e para aquelas que poidan xurdir como imprevistos.
- Redactaremos un **plan global para determinar a necesidade de creación de novas escolas infantís** para atender á demanda existente.
- Incrementaremos as medidas de **seguridade na contorna dos centros públicos**, para preservar e fomentar a autonomía dos escolares (colecamiños), evitar o acoso ou a intimidación, así como outras prácticas ilegais.
- **Facilitaremos o acceso rodado ás inmediacións dos centros escolares**, particularmente nas horas de entrada e saída, tanto no que atinxe ao transporte público, fomentando o seu uso polos escolares, como ao transporte privado.
- Procuraremos, en colaboración coa Consellería de Educación, **unha solución para a Escola Oficial de Idiomas que lle permita axustar a oferta á demanda real** e incrementar súa consideración como centro de referencia na cidade.

2. O espazo comunitario e colectivo:

- Contribuíremos a **rendabilizar o espazo mais alá do horario lectivo** con actividades que permitan o desenvolvemento persoal, o deporte ou a conciliación.
- Colaboraremos coas ANPAS de cada centro ao obxecto de **desenvolver actividades extraescolares** que permitan unha oferta en todos os campos de interese común.
- Nos **servizos de madrugadores e comedores fomentaremos a dieta atlántica** -con alimentos principalmente de tempada, locais, frescos e minimamente procesados-, para que desde a infancia se vaian interiorizando os beneficios dunha alimentación equilibrada e a súa contribución na loita contra a obesidade, cada vez máis presentes nos máis pequenos.
- Potenciaremos o papel dos **centros educativos como centros de conciliación familiar nos períodos vacacionais**. Para iso, estudaremos a ampliación de centros e dos períodos nos que se presta actualmente, por exemplo, incorporando a época do Entroido.

3.- O espazo solidario e integrador:

- **Atenderemos as necesidades do alumnado e das súas familias** no referente a bolsas e axudas para material escolar, comedores e outras.
- **Potenciaremos accións solidarias entre os escolares** dos centros, entendendo que a solidariedade é un valor colectivo.
- **Fomentaremos a apredizaxe segundo as capacidades** de cada quen, no camiño dunha cidade educadora diversa e igualitaria.

4.- O espazo comunicativo e social:

- Promovermeos a participación dos escolares en **actividades que permitan un maior coñecemento do noso Concello**, particularmente en accións vinculadas a nosa historia, patrimonio común ou tradicións.

- Apoiaremos o desenvolvemento de **actuacións intercentros** en campos como o deporte, a cultura e a lingua, o medio ambiente.
- Elaboraremos unha **oferta cultural municipal para os centros escolares en ámbitos das artes escénicas**.

A cidade universitaria

- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) segue a ser un dos sinais de identidade da cidade, con proxección internacional e tamén un motor de emprego, cuns servizos que atenden a miles de estudantes cada ano. O Concello ten que implicarse de forma decidida coa **sinatura dun convenio para o apoio e defensa da USC**, tratando de mellorar cada paso máis a colaboración e a súa interacción co tecido comercial e empresarial.
- Desde o Concello pretendemos realizar **proxectos de colaboración en materia ambiental nos que se combinarán o uso das novas tecnoloxías**. A USC ten un gran capital humano e a administración local pode achegar fondos da Unión Europea para o desenvolvemento deste tipo de proxectos.
- Implicarémonos na **captación de estudantes, na protección e axuda do persoal investigador**, conscientes de que fortalecer a comunidade universitaria equivale a ampliar tamén o seu vínculo coa propia cidade.
- **Facilitaremos ao máximo as prácticas de alumnos** nas institucións e empresas municipais.
- **Potenciaremos a acción cultural da USC e do seu patrimonio, como unha parte consubstancial do propio concello**, tratando de estimular a creatividade do alumnado e a súa participación nas actividades culturais da cidade, para o que propoñeremos a creación dun **cheque cultural destinado ao alumnado de novo ingreso**.
- **Impulsaremos o remate do Xardín Botánico** da Universidade, coa necesaria colaboración da USC e coa participación do Consorcio, e un proxecto **para conectalo co xardín da Finca do Espiño**.
- Colaboraremos para **poñer en valor a Casa de Europa** e a mellora no **equipamento do Auditorio do Campus Sur**.

- A USC é un referente tecnolóxico e, polo tanto, desde o Concello debemos abordar **iniciativas con empresas privadas que inclúan a Universidade.**
- Desde o Concello **colaboraremos na recuperación e promoción do patrimonio cultural da USC.**
- Realizaremos sen máis demora un **plan urxente de actuacións para renovar e ordenar o Campus Sur**, cuxa primeira fase coincidirá coa construción do aparcadoiro subterráneo na Avenida da Coruña e a urbanización e humanización da súa superficie.
- Procederemos á **mellora da iluminación e a reordenación dos espazos exteriores no Campus Norte.**
- Participación, impulso e **colaboración coa Sociedade de Cursos Internacionais da USC.**
- **Colaboración activa coa Universidade en proxectos esenciais**, como o Campus Vida, a nova Facultade de Medicina ou o traslado de Odontoloxía.
- Outros aspectos de **cooperación e procura de sinerxías coa Universidade e coas empresas a prol da sociedade compostelá**: mellora das prácticas laborais dos estudantes da USC, colaboración na promoción turística coa unión de cara ao exterior as marcas USC e COMPOSTELA.

A mocidade en Compostela

- Incrementaremos as **actividades lúdico-formativas**, coa ampliación de **espazos para un lecer enriquecedor e construtivo**, na procura dunha **mocidade saudable e comprometida** que **mellore tamén a súa capacitación** de cara a incrementar as posibilidades de inserción laboral.
- **Seguiremos apoiando desde o Concello aos novos músicos composteláns**, como o fixemos no seu día coa posta a disposición de locais de ensaio e certames para dar a coñecer o seu talento.
- Traballaremos para **acadar unha cidade máis humana e participativa onde se recupere o protagonismo da infancia e da mocidade.**

- **Fomentaremos as afeccións tecnolóxicas e innovadoras da mocidade** a través de concursos e outros incentivos nesta materia.
- Levaremos a cabo **campañas de divulgación científica** para o público infantil e xuvenil.
- Impulsaremos **unha acción formativa, que denominaríamos “Inglés sen cancelas”, destinada á aprendizaxe da “lingua franca global” para sectores estratéxicos da cidade, entre eles, o educativo,** para favorecer o intercambio con países anglófonos de alumnos de primaria, secundaria e mesmo universitarios.
- Ampliaremos os **Programas de Emprego Integrado para a inserción da poboación xuvenil no mercado laboral,** cun servizo personalizado para facilitar a procura do primeiro emprego.
- Promoveremos **actividades extraescolares científicas,** en lugares como o Xardín Botánico ou o Museo de Historia Natural.

8. UN CONCELLO CULTO

A cultura é un signo de identidade de Santiago de Compostela. O seu recoñecemento como Cidade Patrimonio da Humanidade, meta do Camiño de Santiago e finalización do Primeiro Itinerario Cultural Europeo, ademais de ser cidade europea da Cultura, reafirman a idea de que a Cultura en Santiago debe ser un dos principais eixos de actuación e comunicación que contribúan a recuperar o seu liderado entre as cidades de destino cultural.

Valorización do Patrimonio Cultural

A recuperación e valorización do intenso e extenso patrimonio cultural compostelán é un dos obxectivos prioritarios, procurando sumar ao existente aqueles activos que contribúan a enriquecer a oferta desde unha perspectiva de eficacia, de rendibilidade e de accesibilidade.

Este obxectivo non debe circunscribirse soamente ao ámbito da administración municipal, senón que debe ser **unha actuación conxunta e coordinada tanto das administracións públicas como dos axentes privados.**

Nesta acción é **fundamental o labor que está desenvolvendo o Consorcio da Cidade de Santiago** e, por iso, insistiremos no impulso, apoio e axuda aos axentes privados en diferentes liñas:

- a) **Axudas dirixidas ao sector privado** para a mellora do parque construído no ámbito do Plan especial, con especial atención ás renovacións que supoñan melloras de **habitabilidade, eficiencia enerxética ou eliminación de contaminación acústica.**
- b) **Asesoramento e información técnica** sobre as diferentes cuestións que implican á rehabilitación, renovación e mantemento dun edificio, desde as posibles axudas para estes fins ata a normativa vixente ou o estudo de proxectos.
- c) **Sensibilización da poboación e colectivos empresariais** cara a mellora e boas prácticas en materia de rehabilitación.

Como actuacións concretas neste ámbito propoñemos:

- Redacción dun **Plan Estratégico para a Cultura** en Santiago, como ferramenta prioritaria de planificación, contando con todos os actores que traballan na cidade.
- **Mellora na organización e xestión da área municipal de Cultura**, coa reestruturación do organismo autónomo *Auditorio de Galicia*, que contará cun novo organigrama, novas competencias e unha nova denominación: **CompostelaCultura**. Entre as novas competencias deste organismo estaría a xestión da Banda Municipal de Música e a creación e desenvolvemento de toda a programación cultural da cidade, incluídas as festas.
- **Creación do Consello de CompostelaCultura**, para renovar e potenciar o papel do Consello municipal de Cultura, sen actividade na actual lexislatura. Concibido como un axeitado foro aberto e debate, a través del materializárase o papel do Concello como facilitador, amplificador e mediador para unir e rendabilizar esforzos baixo a fórmula da cooperación.
- Incorporación dun **evento cultural anual de primeiro nivel para promover a imaxe da cidade e contribuír a captar visitantes en épocas de baixa actividade turística**, tomando en consideración a posibilidade dun Festival Internacional de Teatro, un ciclo de concertos de grandes orquestras sinfónicas, un concerto de pop/rock con grupos e intérpretes nacionais e internacionais ou unha mostra de deportes, música e actividades de rúa.
- **Establecemento dun Bono cultural** que, alén dos bonificacións específicas que poidan establecerse, contribúa a fidelizar ao consumidor de cultura na cidade, coa posibilidade de integrar este bono na tarxeta *Santiago Capital*, onde se prevé centralizar o acceso a diferentes servizos municipais.
- **Desenvolvemento do Parque Arqueolóxico Castelo da Rocha**, para o mantemento, recuperación e valorización gradual deste importante xacemento arqueolóxico, a maior fortaleza medieval de Galicia.

- **Deseño dun plan de mantemento, xestión e acceso a edificios de gran valor histórico-artístico que permanecen “invisibles” para a cidadanía**, coa participación das entidades propietarias, que permita facer rendibles os investimentos realizados para contribuír á súa perdurabilidade, garantindo un acceso público regulado.
- **Integración da Colexiata de Sar nas accións promocionais** dos itinerarios polo patrimonio arquitectónico, histórico e cultural da cidade.
- **Rehabilitación e posta en valor do Palacete da Finca do Espiño**, como espazo aberto á cidadanía.
- **Redacción dun Plan de Ordenación e uso público da finca do viveiro de Lamas de Abade** e a rehabilitación dos edificios alí existentes (pazo, capela, pombal, hórreo).
- **Recuperación do patrimonio histórico-artístico, etnográfico e civil do noso rural.**

Modernización e adecuación da rede de equipamentos

- **Renovación do Auditorio de Galicia.** Este equipamento presenta aínda carencias na súa construción e no seu equipamento, polo que se fai necesario, destinar un investimento plurianual para dotalo dos modernos sistemas que permitan aquilatar custes de mantemento ordinario e eliminar sistemas obsoletos para acadar maior eficiencia.
- **Rehabilitación do Teatro Principal.** Esta xoia do noso patrimonio, recuperado para a cidadanía, precisa dunha aposta importante para axustar as súas instalacións ás demandas actuais.
- **Adecuación da Zona C.** Sen dúbida este espazo singular na oferta compostelá, onde as expresións máis vangardistas se dan cita, precisa dunha adecuación que debe enmarcarse no Plan director do conxunto de San Domingos de Bonaval.
- **Melloras na sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta e noutros espazos múltiples da rede de centros socioculturais**, para adaptar as súas instalacións e con investimentos para mellora da súa accesibilidade.

- **Integración paisaxística e urbana da Cidade da Cultura**, colaborando na potenciación dos seus contidos, na mellora das súas conexións e da súa sinalización deste os distintos puntos da cidade.
- Implantación dun **Bono-concilia, destinado a favorecer a asistencia a determinados actos culturais cun servizo de canguraxe** nunha céntrica instalación e cun horario compatible.

Vertebración da rede de centros socioculturais

Ao longo dos últimos 15 anos a rede de centros socioculturais incrementouse dun xeito numérico importante pero sen unha clara visión de conxunto . Os centros socioculturais pensados para os cidadáns de Compostela, deben ser espazos multidisciplinares que permitan un desenvolvemento cultural, educativo, social e persoal para a veciñanza.

As propostas neste senso son:

- **Rematar a rede de Centros Socioculturais** (coa posta en servizo do novo destinado ao Casco Histórico) **para establecer unha mellor planificación**, por categorías en función do espazo, da capacidade de acoller iniciativas privadas e/ou asociativas, con centros de cabeceira que coordinen a súa área de influencia (Conxo, Castiñeiriño, Santa Marta, Ensanche, Fontiñas e Vite)
- **Regular de forma transparente a cesión dos centros socioculturais aos colectivos** da cidade para o seu uso e xestión.
- Realizar unha auditoría das necesidades de rehabilitación e melloras no mantemento, co establecemento dun cronograma das actuacións necesarias.
- **Análise da xestión de cada centro para valorar a a conveniencia de establecer un modelo de xestión coparticipado** en determinados casos, atendendo ás dimensións, implantación no territorio ou potencial número de persoas usuarias.
- **Reorientar os centros socioculturais, especialmente no rural**, para que respondan nos seus usos e actividades ás verdadeiras necesidades da veciñanza, tendo en conta o criterio do tecido asociativo da zona e as súas iniciativas.

- Medidas para **compensar os gastos derivados dos locais socioculturais de titularidade veciñal** (Casa Agraria de Meixonfrío e Aríns).

Fomento das tradicións e das festas populares dos barrios

A cultura popular é unha **senal de identidade de cada pobo**, potenciando as nosas festas e celebracións populares mantemos viva a nosa tradición e a nosa cultura.

- **Inventario de celebracións tradicionais na cidade.**
- **Potenciación da Semana Santa**, con forte arraigo na cidade histórica e convertida xa en Festa de Interese Turístico de Galicia.
- Fomento da cultura de barrio, apostando por **singularizar aquelas festas populares –como a Uña de San Lázaro ou a Cabra de Conxo- que exaltan tradicións propias de cada barrio e a súa promoción** para acadar a máxima participación de veciños e veciñas de Compostela.
- **Colaboración co tecido asociativo**, en especial para o desenvolvemento das festas tradicionais ao longo do ano, como o **entroido ou os magostos**.

Observatorio de Cultura

A **cultura como xerme vivo e expresión dun pobo, deber ter altavoz que canalice e mostre a actividade que se desenvolve** en cada situación, en cada momento, e que permita a toma de decisións dos responsables públicos co máximo rigor e rendibilidade.

- Creación dunha **base de datos de profesionais e empresas culturais** da cidade
- Creación dunha **base estatística que recolla anualmente as actividades culturais da cidade e o seu grao de satisfacción**, así como coñecemento dos públicos obxectivos.
- Promover **encontros público-privados para debater ás iniciativas, tendencias ou proxectos** de interese para a cidade

- **Liña de apoio económico e institucional** para actividades artísticas e artesás que se desenvolvan na cidade.

Cidade dos Museos

Santiago conta cunha rede de museos de alto nivel e interesante proposta. Porén, salvo en contadas excepcións non hai unha oferta conxunta museística da cidade, polo que unha proposta neste sentido faise necesaria.

- **Establecer un circuío de programación da rede de Museos** da cidade, coa posibilidade de establecer colaboración con centros de arte referntes nacionais e internacionais para organizar exposicións temporais.
- **Visibilizar a rede museística de Santiago**, proporcionando información e difusión dos Museos e a súa programación e actividades, coa inclusión da Cidade da Cultura como gran obra arquitectónica que é preciso potenciar e rendabilizar.
- **Santiago, Museo ao aire libre.** Santiago en si mesma é un Museo. Potenciar os circuítos urbanos e rutas pola cidade con diferente temática, como a ruta das esculturas ou as rutas literarias.
- Xestións para implantar un Bono-Museo ou **tarxeta única concertada** –coa posibilidade de integrala na xenérica “Santiago Capital”- como instrumento de promoción cultural e turística **para a visita dos museos da cidade.**

Camiños de Santiago en Santiago de Compostela

O Camiño de Santiago **é unha das fortalezas da nosa cidade e unha das súas razóns de ser ao longo da súa historia.** Unha historia compartida que cobra cada día máis forza coa proxección internacional do Camiño e, polo tanto, da propia cidade, sendo hoxe en día a mellor presentación de toda a nosa Comunidade Autónoma.

As diferentes facianas que presenta **o Camiño como ruta de peregrinación, como recurso turístico, como motor económico, como lugar de intercambio cultural, de experiencias, e xerador de valores universais** como a hospitalidade, a solidariedade... outórganlle a Compostela un ámbito de actuación invaluable.

O Camiño une, e debemos ser capaces de **tecer a través do Camiño unha rede de interrelacións no eido cultural que consolide a nosa cidade dentro dos itinerarios culturais, rutas de peregrinación e cidades santuario de renome internacional.**

- Coordinación e colaboración con outras administracións públicas a favor da **promoción cultural do Camiño de Santiago.**
- Participación en **proxectos interrexionais de ámbito internacional.**
- **Mellora, valorización e recuperación dos elementos patrimoniais do Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago,** colaborando e complementando a planificación que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a recuperación dos tramos finais dos Camiños e da súa traza

Cidades Patrimonio da Humanidade

Santiago pertence ao Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade e, como tal, participa das accións que anualmente o grupo decide realizar.

Estas accións abranguen un amplo espectro de actuacións pois non só recollen actividades culturais ou promocionais senón que tamén se refiren a buscar solucións que afectan ao conxunto das cidades tales como a mobilidade, seguridade, sostibilidade, etc.

- O reto que Santiago ten por diante é o **desenvolvemento do Plan de Xestión,** en consonancia coas directrices da UNESCO.

A creación musical, patrimonio da cidade

- Prestarémolles unha especial atención ás entidades e institucións que promoven e proxectan a riqueza musical da nosa cidade, como a **Real Filharmonía de Galicia, o Conservatorio Profesional, a Escola de Altos Estudos Musicais, a Escola Municipal de Música ou a Banda Municipal,** para que dispoñan duns recursos e dunha xestión acordes coa súa importante función e transcendencia.

- Alentaremos a **colaboración con outras formacións da cidade**, de carácter público, como as dependentes da USC ou a Escolanía, así como as propias do tecido asociativo, como as corais.
- **Impulso do curso internacional “Música en Compostela”**, que durante décadas se foi convertendo nun referente musical de verán na cidade.
- Incentivaremos a **creación, a investigación musical e a museoloxía**, así como o apoio a **proxectos de emprendemento musical** con criterios de eficiencia e rendibilidade,
- Continuaremos defendendo a **música en vivo como unha actividade que é patrimonio da cidade**, que precisa seguridade xurídica que garanta o seu mantemento e a faga **compatible tamén co carácter residencial** das distintas zonas da cidade.
- Traballaremos na **consolidación de eventos musicais da cidade** e colaboraremos con entidades públicas e privadas para a confección dunha **programación musical estable** que rendabilice esforzos e investimentos.

A Compostela literaria

Queremos consolidar Santiago como cidade con fonda tradición literaria, a súa vinculación coa presenza de grandes escritores e escritoras debe servir de estímulo para **desenvolver novas iniciativas relacionadas coa cultura impresa coa industria editorial**.

A promoción do galego

A lingua é un elemento diferenciador dun pobo, é a súa canle de expresión e a promoción da lingua debe sacarse da discusión partidista. É patrimonio de todos os galegos e galegas que non pode estar patrimonializada por ninguén.

A utilización da lingua propia debe ser asumida con naturalidade, sen imposicións, e con absoluta liberdade tanto no seu uso cotiá e social como na creatividade cultural e artística.

Levar a lingua a todos os ámbitos de relación social, tanto individual como colectiva, é unha pretensión e obxectivo, ao tempo que temos que facer partícipes a aqueles que, por calquera motivo, non participan da nosa lingua, pero que, asentados na nosa comunidade, desexan compartir con nós esta riqueza cultural e idiomática.

A promoción da lingua galega debe, polo tanto, realizarse en diferentes niveis:

- A nivel educativo, promovendo a realización de **cursos e programas de lingua galega**
- A nivel creativo, **favorecendo a creación artística e cultural na nosa lingua**, particularmente nas artes plásticas, escénicas e literarias, e no audiovisual.
- A nivel divulgativo, **impulsando accións de expresión cultural en lingua galega**, como a representación de manifestacións deste carácter na programación xeral do Concello, especialmente no ámbito da cultura.
- A nivel administrativo, insistindo no **uso do idioma propio como canle de relación cos cidadáns**.
- A nivel empresarial, **incentivando ás empresas do noso termo municipal no uso do galego** como instrumento de comunicación.

9. UN CONCELLO HISTÓRICO

O centro histórico que se agrupa arredor da Catedral é o principal activo cultural, turístico e económico de Santiago. É o noso sinal de identidade, e en gran medida de toda Galicia. **Protexelo e conservalo é a tarefa primordial.** Pero debemos evitar que se converta simplemente nun museo ou nun parque temático. Cómpre darlle vida para facer del un lugar axeitado para vivir, para traballar e para o lecer.

É preciso explorar e poñer en práctica medidas que redunden nesa reactivación. O obxectivo central é **atopar un punto de equilibrio entre a protección do patrimonio e a incorporación de novos servizos e a satisfacción de necesidades que a sociedade actual demanda.**

O gran reto é lograr que o núcleo histórico que siga a ser un punto de atracción non só para turistas, senón que oferte servizos e posibilidades que o faga atractivo para residir e poder desenvolver actividades económicas, Con ese fin, **é preciso desenvolver iniciativas innovadoras, que preserven a identidade histórica e reactiven o papel de lugar para traballar, para vivir e para relacionarse** que está na orixe e na razón de ser da Compostela de sempre.

- **Remataremos coa maior dilixencia e consenso a revisión do Plan Especial do Casco Histórico**, un traballo que un Goberno do Partido Popular iniciou hai catro anos e que marcará o futuro da cidade histórica, onde a residencia será a clave para a súa preservación e consolidación. O novo Plan Especial do Casco Histórico marcará a liña a seguir para os investimentos que se van acometer en materia de infraestruturas para a prestación de servizos básicos.
- En relación coa revisión deste Plan Especial, tamén **desenvolveremos as directrices para a urbanización e reurbanización da Cidade Histórica e o Plan de Xestión** para ese mesmo ámbito. Este último instrumento, proposto pola UNESCO, vai permitir que Santiago, como cidade patrimonio mundial, ensambren a regulación urbanística con outros sectores como o comercio, o turismo ou a mobilidade.

- Poñeremos en marcha nos primeiros meses do mandato un **Plan de Choque para a Revitalización do Casco Histórico**, para suprar os moitos atrancos que padece en relación cos atascos; incumprimento horarios e limitacións de acceso; problemas de convivencia; lentitude nas autorizacións, ausencia dunha planificación e falta de limpeza, ademais dun progresivo abandono do comercio.
- Acometeremos unha profunda **renovación das redes de servizos básicos e a implantación da banda larga** para a mellora nas telecomunicacións neste ámbito.
- A **rehabilitación de espazos, prazas e rúas na cidade vella** será outro dos obxectivos prioritarios, para incrementar o carácter peonil, a accesibilidade e a renovación de pavimentos e mobiliario.
- Tamén **recuperaremos elementos patrimoniais de interese público**, como se ten feito anos atrás coas fontes máis senlleiras de cidade histórica (Toural, Franco, Virxe da Cerca, Santa Clara, Porta do Camiño, S. Clemente...) e monumentos como a estatua do Rei Alfonso II e de Montero Ríos. A recuperación **estenderase tamén ao rural, a través dun inventario dos bens** (cruceiros, fontes, lavadoiros...) que determine as prioridades para actuar.
- Para avanzar na recuperación do patrimonio público **destinaremos anualmente o 1% do orzamento municipal en materia de investimentos para labores de recuperación e rehabilitación de edificios ou bens de singular interese histórico-artístico, civil ou etnográfico.**
- **O mantemento e mellora de pavimentos e de mobiliario, xunto coa limpeza de paredes, placas e indicadores serán tamén prioritarios**, para o que se continuarán as accións xa iniciadas, tanto intramuros como extramuros.
- Crearemos **novos parques, habilitando espazos públicos desaproveitados e recuperando para uso público espazos privados** como os xardíns do Pazo de Amarante, que imos tratar de reabrir.
- **Impulsaremos un comercio de calidade, de proximidade e de referencia** que valorice o tecido comercial e singularice a oferta do casco histórico, para atraer un maior público.

- Trataremos de implementar **medidas correctoras cara a reducir o tránsito polas rúas do casco histórico**, con novos sistemas de acceso que protexan o patrimonio viario e posibilitando, ao tempo a maior accesibilidade aos habitantes deste espazo singular.
- Introduciremos **melloras na accesibilidade aos recursos patrimoniais** (especialmente aos culturais e deportivos) para goce de todos e todas, cun concepto de accesibilidade universal que non discrimine a ningún.
- Realizaremos unha revisión e adaptación da **senalización direccional e informativa do casco histórico**.

10. UN CONCELLO QUE VALORA O SEU RURAL

A pesar das grandes transformacións acontecidas nos últimos anos, **no Santiago de hoxe aínda se pode apreciar o marcado carácter rural do Concello**, aquel que levou a Otero Pedrayo a definir a cidade do Apóstolo como a aldea máis grande de Europa.

Ese carácter rural, que nos singulariza e enriquece, temos que mantelo e, na medida do posible, potencialo e modernizalo, para que se converta nunha peza clave da economía, do medio natural e, en definitiva, da calidade de vida. Para iso, apoiarémonos nas asociacións e entidades presentes e actuantes neste ámbito, en especial, a Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago (FERUSA).

Somos conscientes de que **as persoas que viven no rural son tan cidadáns como os que residen na núcleo urbano e, polo tanto, teñen que ter os mesmos servizos**. O noso obxectivo será mellorar a calidade de vida e que o medio rural de Santiago incremente a súa función ambiental e o seu desenvolvemento económico e cultural.

- Destinaremos **importantes recursos económicos á mellora, mantemento e ampliación das vías de comunicación entre os núcleos de poboación**, investindo nas infraestruturas para reducir as desigualdades entre a zona urbana e a rural.
- Realizaremos un **inventario actualizado dos camiños públicos** do termo municipal, para fixar a titularidade, facilitar o seu mantemento e evitar posibles conflitos no seu uso e conservación.
- Ampliaremos os **servizos de roza e acondicionamento no rural procurando a colaboración coa Xunta de Galicia, para actuar nos camiños forestais** e deixalos libre de maleza evitando así os problemas que xera, tales como desbordamentos, inundacións ou perigos de incendio.

- Para dar resposta á gran demanda existente no rural, poñeremos en marcha un **Plan Director para impulsar a implantación progresiva dos servizos de saneamento e abastecemento** en todos aqueles núcleos que carezan deles. Facilitaremos solucións para o problema das foxas sépticas e para reducir o prezo dos enganches para novas acometidas de auga municipal. E mentres os servizos non cheguen, **articularemos bonificacións nos impostos para compensar esa falta**, con reducións de entre un 45% e un 90%.
- **Melloraremos a iluminación pública no rural**, dentro da estratexia de cidade intelixente, realizando os cambios no servizo que optimicen os custos e dotando ao sistema de elementos de xestión que axuden a solucionar os problemas de forma inmediata.
- **Aumentaremos a dotación de colectores** e implantaremos a **recollida selectiva de residuos sólidos urbanos en todas as parroquias, velando polo correcto funcionamento deste servizo** e adoptaremos medidas para erradicar por completo os vertedoiros ilegais.
- Crearemos **puntos limpos destinados aos residuos non orgánicos procedentes das explotacións agrarias**, como o plástico de ensilado ou restos de maquinaria agrícola.
- Co obxectivo de darlle solución aos actuais problemas de mobilidade, ademais dunha **maior adaptación do transporte urbano ás necesidades do rural, xestionaremos coa Xunta de Galicia a utilización do transporte escolar** para ampliar a satisfacción das demandas nesta materia e adoptaremos medidas para facilitar o acceso e o estacionamentos nos aparcadoiros de borde para quen se desprace no vehículo particular.
- A planificación de **sendas ciclistas e peonís** que imos abordar terá moi en conta os **trazados polo rural**, na dobre de dirección de chegar a poboación da cidade ao rural e facilitar o acceso das persoas residentes no rural cara á cidade.
- Para evitar confusións nas comunicacións e nos desprazamentos do rural, **executaremos un Plan Director de Sinalización Rural** para todas as parroquias, núcleos de poboación e aldeas, que incluírá a instalación de paneis informativos.

- Para que os cidadáns destas zonas de Santiago melloren as súas conexións ás novas tecnoloxías, colaboraremos coas operadoras de telefonía para implantar unha **conexión a internet axeitada para particulares e empresas** para que se poida facer un maior uso e optimización dos recursos relacionados coa rede. Tamén se levarán a cabo accións formativas que potencien o uso desta importante ferramenta.
- En relación co urbanismo, impulsaremos unha **modificación das ordenanzas urbanísticas 5, 6 e 11, para equiparar os solos urbanos consolidados cos solos de núcleo rural**, solucionando así a grave problemática que afecta a estes terreos á hora de edificar, **para permitir unha maior flexibilidade para a construción de vivendas unifamiliares**, partindo da idea de que hai que concentrar e fortalecer os núcleos existentes para un crecemento ordenado e para abaratar o custo dos servizos. Con ese fin, tamén contribuíremos ao fomento da rehabilitación de vivendas e ao mantemento da fisonomía tradicional dos núcleos.
- **Revisaremos e axustaremos a carga impositiva do rural, propiciando numerosas reducións:** unha baixada xeral do 4% do Imposto de Bens Inmóbiles (IBI); unha redución do recibo do IBI entre 45% e 90% por carencia de servizos; unha baixada dun 5% do Imposto de Vehículos e un 10% do Imposto de Construcións (e a maiores bonificacións de ata un 95% para determinadas actuacións de mellora nas vivendas); un descenso do 9% do Imposto de Plusvalías e a supresión na maior parte dos casos da Taxa de Apertura.
- Fomentaremos o crecemento da **industria de transformación dos produtos da actividade agroalimentaria e as posibilidades de promoción da venda directa dos produtos**. Con isto conseguiremos manter a viabilidade das actividades agrarias que fornecen materias primas e bens de consumo de alta calidade, e fixar poboación no rural.
- Co obxecto de incentivar o emprendemento, **elaboraremos un estudo de oportunidades de investimento no rural de Santiago**, que analice e detecte sectores rendibles para a creación de riqueza e postos de traballo.

- En relación ao sector forestal , levaremos a cabo iniciativas que difundan unha **cultura forestal eficiente que reordene a xestión dos recursos de forma sustentable e que non só se centre na corta**. Apoiaremos unha programación que optimice os recursos e as posibilidades que ofrece hoxe a **biomasa como fonte de riqueza e medio para manter limpos os bosques**.
- En colaboración coa Xunta de Galicia, promoveremos a **recuperación da zona forestal nas ladeiras do monte Pedroso**, de forma especial a orientada a Figueiras.
- Todas estas accións de dinamización e crecemento económico poderanse elaborar a través de **mini-cooperativas, para as que o Concello prestará asesoramento empresarial e legal** para a súa implantación e desenvolvemento.
- Sobre o patrimonio natural e cultural que atesouran as nosas parroquias, poñeremos en marcha accións, como a **conservación e difusión da arte rupestre no Centro de Interpretación de Villestro, e optimizaremos iniciativas como o centro de BTT da Susana**, para poñer en valor os recursos naturais, paisaxísticos e culturais do contorno rural.
- Poñeremos en marcha **iniciativas para difundir a descoñecida riqueza do rural, coa sinalización de itinerarios** para facilitar o seu percorrido.
- Trataremos de incorporar **medidas de apoio e axudas para a promoción de cooperativas que dinamicen o tecido produtivo**, en especial no ámbito rural.
- Potenciaremos os **usos deportivos, recreativos e culturais da zona rural**, apoiándonos para iso preferentemente na ampla rede de centros socioculturais e nos equipamentos públicos existentes.
- Colaboraremos para **dotar ás parroquias de espazos para aparcamento de vehículos**, preto daqueles lugares (igrejas-cemiterios, locais sociais, campos da festa...) que máis o necesiten.
- Demandaremos da Xunta de Galicia o **remate das concentracións parcelarias pendentes**, axilizando a construción da rede de camiños prevista, e solicitáremoslle tamén a limpeza de ríos e regatos para evitar problemas coas enchentes e mellorar a calidade ambiental e a valorización destes importantes recursos naturais.

11. UN CONCELLO EMPRENDEDOR, COMERCIAL E TURÍSTICO

- Para orientar as políticas que fagan de Santiago un Concello máis atractivo para traballar, investir e convivir, deseñaremos e poñeremos en marcha un **Plan Estratégico para a Cidade**, que sinale e dirixa as principais medidas a impulsar para o desenvolvemento económico e social a medio e longo prazo.
- Impulsaremos **unha acción formativa, que denominaríamos “Inglés sen cancelas”, destinada á aprendizaxe da “lingua franca global” para sectores estratéxicos da cidade, entre eles, o empresarial, comercial e turístico**, como unha vantaxe comparativa para a expansión, a excelencia e imaxe da cidade.

Emprego

A loita contra o desemprego, a pesar das limitacións das competencias locais, ten que ser un obxectivo prioritario. O Concello de Santiago tense que sumar, dentro das súas posibilidades, á tarefa común de xerar un contexto positivo para a creación de emprego.

As liñas de traballo do Concello deben orientarse: primeiro, a **creación de oportunidades de negocio** para que os empresarios xeren novas ofertas de emprego; segundo; a **dinamización daqueles sectores que aínda poden incrementar a contratación**; e, en terceiro lugar, a **formación e a mediación** entre demandantes de emprego e empresarios.

Un aspecto esencial nesta estratexia, como en tantas outras, pasa por un traballo conxunto con outras administracións e coas principais institucións e empresas da cidade.

- É preciso **diversificar a actividade empresarial**. Santiago ten que ser moito máis que o centro histórico e o turismo. Debemos poñer en valor a nosa situación xeográfica e política e a vocación empresarial en sectores con gran arraigo.

- Para potenciar o sector empresarial, os pasos deberán ir encamiñados a **reforzar as áreas que xa teñen unha importante presenza**, favorecendo o seu crecemento e o **emprendemento de novas actividades**, vinculadas con eses sectores xa existentes ou con outros novos, **en materia de I+D+i**.
- Para iso, será preciso impulsar **medidas conxuntas con incentivos e facilidades**, tanto para o asentamento como para o desenvolvemento e financiamento.
- Santiago ten que aspirar a **diversificar o seu modelo produtivo**, máis alá do turismo, e debe facelo aproveitando as potencialidades dos sectores que teñen mostrado a súa vitalidade, aproveitando tamén o importantísimo valor engadido que supón a capacidade creadora e investigadora da nosa Universidade.
- Crearemos un **Programa de promoción e apoio ao Emprego Protexido** (empresas de inserción) que impulse a integración sociolaboral das persoas con discapacidade en novos ámbitos e servizos públicos (mantemento de equipamentos de lecer, sendas peonís, verdes ou actividades de animación, entre outras). O propio Concello promoverá medidas de integración destas persoas dentro do cadro de persoal municipal.
- A **Axencia Local de Colocación (ALC)** debe reforzar o seu papel de enlace entre as persoas desempregadas e as empresas, como unha ferramenta para chegar ao maior número de persoas posibles.
- Continuaremos avanzando no **pacto local coas entidades colaboradoras** buscando as mellores fórmulas para traballar xuntos polo emprego
- Seguiremos apostando polos **Foros de Emprego** como espazos de difusión das ferramentas dispoñibles para acceder a un posto de traballo. Incrementaremos as empresas colaboradoras e as ofertas, así como as actividades complementarias para a formación.

Apoio empresarial

- Posta en marcha a **nova estratexia “Santiago Emprende”**, para converter o Concello nun órgano impulsor da economía local, facilitando e promovendo a investimento privado e os novos proxectos.
- Creacion da **axencia da competitividade “Santiago Camiña”**, froito da reordenación e reorganización de efectivos municipais, dirixida ao apoio, asesoramento e acompañamento de iniciativas que permitan activar a economía e a creación de emprego.
- Implantación da figura do **“Proxecto Empresarial de Interese Municipal”** (PEIM-SCQ) orientado a distinguir aquelas iniciativas que, pola súa natureza e obxectivos, supoñan un especial impulso do investimento produtivo.
- Inicio de **tres novas liñas de axudas :“SCQ Comeza”**, para apoio a emprendedores, cunha contía básica de 20.000€ que podería chegar ata os 70.000€, para o fomento da primeira implantación empresarial ou diversificación cara a novas actividades en sectores exstentes, sobre todo no eido comercial; **“SCQ Medra”**, liña de subvencións destinada á ampliación de empresas existentes, cunhas porcentaxes en función do investimento e a creación de emprego inducida; e **“SCQ Dixital”**, para axudar á introducción de empresas no mundo da tecnoloxía e dixitalización, con subvencións para a modernización de instalacións e procedementos,
- Traballaremos para tratar de **integrar a Avenida do Cruceiro da Coruña na área empresarial do Tambre** favorecendo así a adscrición aos servizos do polígono das empresas situadas nesta localización
- Ampliar as **frecuencias e paradas de autobús ás áreas empresariais dos polígonos** para facilitar o traslado dos miles de traballadores e traballadoras que cada día acoden ao seu posto de traballo.
- Realizaremos un **estudo específico sobre a regulación das naves que teñen pendente a súa legalización**, definindo os pasos a dar para normalizar a súa situación.
- Trataremos de darlle unha **solución satisfactoria á conciliación do persoal que traballa nos polígonos** coa posibilidade de dispoñer de prazas reservadas na gardería instalada na área do Tambre.

- Apoio de **consultoría para axudar a ser máis competitivas as empresas**: en finanzas, produtos, internacionalización.
- **Promoveremos os encontros empresariais**, fortalecendo o vínculo entre os nosos empresarios que favorece a consolidación de proxectos empresariais
- Analizaremos as diferentes taxas de residuos para **compensar ás empresas certificadas que xa tratan os residuos que xeran**.
- Crearemos unha **guía de empresas e servizos dos polígonos** en soporte dixital e papel para dar a coñecer o gran número de empresas que existen na nosa cidade.
- Realizaremos un **programa específico para as empresas que están en fase de substitución xeracional**, dando soporte de asesoría aos novos responsables.
- Apoiaremos ás asociacións de empresarios a **crear sinerxías que favorezan a maior competitividade**.
- Promoveremos a **coordinación de todas as asociacións e colectivos empresariais da cidade** para o aproveitamento dos recursos de todas elas.
- Animaremos a **creación de novas empresas e a atracción de novos investidores a través de incentivos fiscais e facilidades en licenzas**, aproveitando as vantaxes para a accesibilidade ao solo que ofrece a Xunta de Galicia na área da Sionlla.
- **Reforzaremos o CERSIA como espazo de referencia para o empresariado e o emprendemento como un recurso de apoio, formación e consultoría**.
- Elaboraremos coas entidades económicas da cidade un plan de **creación dun Cluster tecno-sanitario aproveitando as sinerxias do Campus Vida e as empresas líder TIC existentes** na cidade.
- Levaremos a cabo un **aumento das bonificacións no imposto municipal de actividades económicas** podendo acadar ata o 95% da cota para aqueles casos de especial interese ou utilidade municipal, en orde ao fomento do emprego ou os fins da actividade (social, cultural, histórico-artísticas)

Comercio

Para o desenvolvemento da economía da cidade é fundamental que sigamos dinamizando o papel dos comercios, dos novos e dos de toda a vida. O Partido Popular tratará de manter un equilibrio entre as grandes superficies instaladas e os comercios que están presentes en toda a cidade, para os que intensificaremos os apoios.

- Elaboración dun “**Plan urbanístico de usos comerciais da cidade**”, para concretar o modelo comercial da cidade, análise da especialización por rúas, áreas comerciais, limitación de usos en zonas saturadas, etc.. como se ten feito en grandes cidades como Barcelona e nalgunhas cidades Patrimonio de España.
- Fortalecemento da **concepción das distintas áreas comerciais da cidade como centros dinámicos de prestación de servizos**, de satisfacción das necesidades da veciñanza e visitantes, compatibilizando usos: residenciais, laborais ou de consumo.
- Levaremos a cabo un **labor de concienciación para que a veciñanza que vive e traballa nunha zona e identifique co comercio e cos servizos desa zona**, na procura de fortalecer o tecido comercial de proximidade.
- Para paliar o efecto negativo da situación de abandono de locais comerciais baleiros, como un primeiro paso, **fomentaremos o uso de locais baleiros para actividades efémeras**: exposicións temporais, tendas *pop-up* (en espazos comerciais de uso circunstancial) ou promocións de negocios existentes.
- Adopción de medidas de **minoración do impacto das obras urbanísticas no ámbito comercial de actuación**: realización de obras en períodos de baixa actividade comercial e, sobre todo, axilización na súa realización.
- **Facilidades para o aparcamento**, coa extensión de zonas exprés e o fomento e conexión cos aparcadoiros de borde.
- Promoción de **medidas e accións para a atracción de público aos centros comerciais urbanos**, con presenza dos distintos barrios da cidade.

- Elaboración e difusión dun **calendario permanente de eventos celebrados na cidade, que integre as distintas iniciativas públicas e privadas**, non só de tipo comercial, senón promocional, cultural, e que atraían público ás mesmas, tendo en conta que o lecer está cada vez máis vinculado ao acto de compra.
- Desenvolveremos un **Plan especial de revitalización comercial para o núcleo histórico**, especialmente no que respecta á mellora de infraestruturas, incorporación de novas tecnoloxías: mobilidade sostible polo casco histórico, central de compras e conexión a internet de alta velocidade.
- Redactaremos un **programa específico para a área comercial do Ensanche** que permita, entre outras cousas, que se beneficie da afluencia de consumidores e turistas, en colaboración coas asociacións de comerciantes.
- **Potenciaremos o Mercado de Abastos** como un espazo singular na oferta de produtos alimenticios de proximidade e centro de atracción turística e gastronómica.
- Fomentaremos a implantación nas zonas comerciais urbanas de novas **iniciativas comerciais e empresariais atractivas, innovadoras**, que complementen a oferta comercial existente.
- Incentivaremos e fomentaremos a **posta a disposición de emprendedores de locais comerciais baleiros e medidas que faciliten a transmisión comercial de negocios** xa en funcionamento.
- Potenciaremos o **comercio especializado urbano de calidade**, resaltando e protexendo as súas singularidades e os seus elementos distintivos.
- Faremos un **programa específico para o sector artesanal** da cidade: para a posta en valor do produto autóctono e de produción artesanal, diferenciada.
- Fomentaremos iniciativas empresariais e comerciais, así como **programas de consolidación e acompañamento para as industrias xa implantadas**, con especial atención en sectores estratéxicos.
- **Facilitaremos a implantación de empresas: axilización de trámites, licenzas exprés...**

- Fomentaremos o **recoñecemento da excelencia comercial**, a través de incentivos, tales como premios, axudas ou subvencións á excelencia, dando a coñecer exemplos de boas prácticas comerciais.
- Incentivaremos a **formación e a reciclaxe do sector**, para a adecuación aos novos perfís de consumidores e hábitos de consumo.
- Apoiaremos ás **asociacións de comerciantes**, co compromiso de manter e estudar o incremento das subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial.
- Impulsaremos a **implantación de procesos de participación cidadá que permitan coñecer as carencias e necesidades das áreas comerciais urbanas**, integrando á veciñanza, propietarios, titulares dos negocios da zona, etc.
- **A singularidade da zona vella da cidade fai necesario que o Concello lidere propostas encamiñadas a superar as barreiras arquitectónicas** que impiden, por exemplo, a implantación da banda larga que melloraría o acceso a Internet.
- Dentro das posibilidades do Plan Especial, tratarase de adotar unha solución para a **mellora dos comercios situados ao longo da rúa San Francisco**, paliando as barreiras arquitectónicas existentes neste espazo.
- **Outras carencias de servizos no núcleo histórico de Santiago, deberán solucionar coa posta en marcha do novo Plan Especial** que nos comprometemos a activar e poñer en vigor.
- Activaremos **bonificacións para os impostos/taxas aplicados ao sector do comercio en función do seu especial interese e da utilidade municipal**, que se determinará pola Corporación Municipal mediante un catálogo en atención ao fomento do emprego, carácter social ou revitalización de zonas, entre outros.

Turismo

O turismo é, sen dúbida, un dos piares sobre os que se asenta a economía da nosa cidade. Con esta premisa, é preciso **potenciar a Marca Santiago** e que, ano a ano, nos visiten máis turistas. A palabra clave continuará a ser: internacionalizar.

Coa internacionalización iniciada hai anos estanse a bater marcas consecutivas, polo que cómpre incrementar a **aposta por unha orientación do turismo, sobre todo cara ao exterior, e a reorganización e optimización dos recursos dispoñibles.**

- **Revisaremos o Plan Estratéxico de Turismo 2017-2021**, coa participación do axentes do sector e de especialistas, partindo dunha análise do anterior plan (2010-2015), coa reformulación e inclusión de novos retos e coa implementación de medidas colaborativas entre os sectores público e privado.
- **Fortaleceremos a empresa municipal de Turismo de Santiago - INCOLSA**, abrindo o seu modelo de xestión cara ao sector privado e a colaboración institucional, na procura de xerar recursos propios, e ampliando o seu papel de promoción, información e confección de produtos turísticos, cunha nova área encargada de planificar a ordenación turística e levar a cabo o desenvolvemento, control e cumprimento das normativas municipais nesta materia.
- **Potenciaremos o Consello Municipal de Turismo**, coa creación de foros de traballo sectoriais para seguimento do Plan Estratéxico e implementación de acción conxuntas.
- Crearemos un **Observatorio Turístico**, procurando a colaboración coa USC, para afondar no coñecemento dos clientes e usuarios que contribúa a unha mellor promoción e comercialización do destino.
- Definiremos o **Portafolio Turístico da Cidade**, coa selección dos produtos a desenvolver, de forma prorizada e xerarquizada, cunha oferta diferenciada que permita aumentar a demanda, a desestacionalización, a estancia e o gasto medio. As grandes áreas deberán agruparse arredor do turismo cultural e relixioso, a o turismo de congresos e eventos (MICE) e o turismo saudable e gastronómico.

- Impulsaremos o **Santiago Convention Bureau e a Santiago Film Commision**, para relanzar a súa actividade orientada ao turismo de congresos e eventos (MICE) e á rodaxe de películas na cidade.
- Instauraremos un **equipo específico de captación de eventos nacionais e internacionais** (deportivos e tamén culturais), dependente directamente da Alcaldía e coa participación de entidades locais vinculadas, para incrementar o poder de atracción da cidade con criterios de desestacionalización.
- Actuaremos para **recuperar o turismo nacional perdido, con accións promocionais que atendan á conectividade e á intermodalidade**, aproveitando o impactos da redución de tempos do tren de alta velocidade coa Meseta e da autovía transcantábrica para o Norte peninsular
- Apostaremos pola **calidade no sector, con labores de consultoría individualizada e mellorando a formación do persoal en idiomas e servizo ao cliente** para afrontar mellor o reto do turismo internacional que deberemos incrementar.
- **Potenciaremos o traballo en grupo co sector** para diferentes eventos e para a captación de eventos e congresos,
- **Promocionaremos as celebracións tradicionais** con forte arraigo, como a **Semana Santa** (declarada de Interese Turístico de Galicia) ou festas populares como a **Uña de San Lázaro ou a Cebra de Conxo, que exaltan produtos vinculados a cada barrio**, para axudar a difundilas e valoralas, non só entre os propios veciños e veciñas, senón como un recurso para incrementar o atractivo turístico do concello.
- Crearemos **novos paquetes de turismo familiar** cos recursos do Camiño, os eventos gastronómicos e deportivos e a Cidade da Cultura.
- **Recuperaremos o espírito da “Área Santiago”**, cos concellos máis próximos e afíns, para ampliar de forma conxunta os recursos naturais e patrimoniais, impulsando unha implicación común na creación de novos produtos e a ampliación as pernoitas.

- Agruparemos distintas accións nunha **estratexia de promoción denominada “Cidade Saudable”**, dirixida a **poñer en valor para o turismo a riqueza ambiental do Concello**, centrada na potenciación do Monte Pedroso; das áreas fluviais de Chaián e A Barciela; e da Alameda; e as posibilidades que ofrecen a oferta conxunta de “Área Santiago” para abrir a cidade ao mar.
- Ampliaremos o catálogo de recursos audiovisuais con **novos vídeos promocionais e institucionais da cidade**.
- Realizaremos un **seguimento constante da actividade do Aeroporto de Santiago**, avaliando a marcha das conexións existentes, estudando outras posibles e mantendo contacto coas compañías aéreas.
- **Retomaremos a estratexia Compostela Gastronómica**, como forma de proxectar a cidade, mantendo o protagonismo da cociña e dos cociñeiros de Santiago.
- Manteremos o patrocino municipal e o pleno apoio institucional ao **Santiago (é) Tapas**.
- **Optimizaremos os recursos turísticos, en especial as publicacións**, primando a difusión de contidos a través da web e das redes sociais, cunha actualización constante da axenda de actividades.
- **Na estratexia de internacionalización, priorizaremos os mercados de Alemaña, Italia, Portugal, Francia, Estados Unidos e Reino Unido**, que son os países que representan o 57% das pernoitas internacionais, e os que aínda poden achegar máis ao noso turismo.
- Trataremos de **evitar a concentración coa diversificación cara a mercados considerados oportunidades**, como son Irlanda, Bélxica e Holanda, Dinamarca, Suecia, Noruega, Polonia e Rusia, Canadá, Brasil, México, Xapón, Corea do Sur e Turquía.
- **Nos países prioritarios desenvolveranse todo tipo de accións posibles e nos mercados de oportunidades realizaranse accións puntuais**, buscando a máxima repercusión para o mercado en cuestión.
- O obxectivo global para os vindeiros anos é conseguir o **equilibrio entre o turismo internacional e o nacional**, de forma que o internacional siga crescendo ata o 50%.

- Incorporaremos as **novas tecnoloxías para o fomento do turismo**, con aplicacións que faciliten o acceso á axenda cultural, á información de lugares e actividades en tempo real, mellorando o impacto e a difusión do noso patrimonio e do labor que se desenvolva desde calquera ámbito.
- Para seguir na senda de crecemento, ao longo do mandato redactaremos un **novo Plan Estratéxico do Turismo**, que promova o turismo inclusivo e que nos permita abrir novas liñas de traballo -como o incremento do turismo de calidade, interesado polas ofertas culturais e polo contorno da cidade- para continuar medrando e preparar a cidade **co horizonte do Ano Santo 2027**.
- Dedicaremos os maiores esforzos para facer do próximo Ano Santo 2021 un evento que reflicta a universalidade do Camiño de Santiago e proxecte a cidade de Compostela internacionalmente, sentando as bases para ampliar os seus efectos no ano 2027.

12. UN CONCELLO METROPOLITANO E CAPITAL

O noso proxecto pasa por lograr que o Concello de Santiago asuma o seu papel de capital e tamén de urbe de referencia da gran área central de Galicia, que se estende desde o litoral ata o interior, desde o Barbanza ata Melide, desde Oroso ata Lalín: arredor de 400.000 habitantes que tradicionalmente manteñen vínculos económicos, sociais e de servizos coa cidade de Compostela.

- **Recuperaremos o diálogo, a cooperación e a colaboración institucional** como elemento central para a planificación e execución daqueles proxectos que transcendan do ámbito municipal, nos que o Concello de Santiago actuará de forma proactiva, asumindo a súa condición de capitalidade.
- Aseguraremos que o **Hospital Clínico siga a ser o gran centro referente asistencial e investigador** da Comunidade Autónoma.
- **Demandaremos que Santiago dispoña de órganos xudiciais e medios axeitados** para garantir a tutela efectiva nos ámbitos xurisdiccionais correspondentes.
- **Recuperemos e intensificaremos o impulso das relacións coas comarcas veciñas** (retomando de inmediato a acción conxunta no sector turístico e cultural cos concellos agrupados na “Área Santiago”), para **fortalecer a consideración da cidade e da súa área como centro económico e comercial de primeira orde** no conxunto de Galicia e con iso un maior peso da súa condición de capital política e administrativa.
- **A colaboración e a cooperación cos concellos veciños será a base para articular a promoción de servizos eficientes e de intereses comúns**, que propicie máis e mellores oportunidades para o crecemento económico e para a calidade de vida dos cidadáns. **Un territorio de oportunidades, en equilibrio coas dúas grandes áreas urbanas situadas no norte e no sur da Comunidade.**
- Impulsaremos iniciativas para **xestionar de forma conxunta con outros concellos servizos esenciais**, comezando pola constitución dun servizo de extinción de incendios, que podería servir de experiencia para comprobar e poder estender as vantaxes desta fórmula.

Estas son as medidas principais na procura do Santiago Capital, orgullo da súa veciñanza e solidario coa súa contorna. O gran referente común para fortalecer a imaxe de Galicia en España e no mundo.